VII Congreso da
CIG—Ensino

Santiago
de Compostela

17.06.2017

GALEGÁ

Confederación Intersindical Galega
ENSINO

Profesorado
valorado nunha
educación
pública e galega

DOCUMENTOS APROBADOS

Índice

Estatutos	3
Relatorio de acción sindical	13
Resolucións aprobadas	37

Estatutos

CAPÍTULO I

DEFINICIÓN, ÁMBITO E OBXECTIVOS

Art. 1

A Confederación Intersindical Galega do Ensino, en siglas CIG-Ensino, é a Federación do Ensino da CIG, e como tal o seu funcionamento dentro da Confederación réxese polos estatutos desta no que se refire a dereitos, deberes, altas e baixas , réxime de garantías, sancións e incompatibilidades da afiliación, salvo nos casos que se regulan nos presentes estatutos.

Art. 2

Son afiliadas á CIG-Ensino todas aquelas traballadoras e traballadores afiliados á CIG que prestan, prestaran ou orienten a súa profesión a desempeñar os seus servizos nunha empresa, pública ou privada, dedicada á actividade educativa.

Art. 3

A CIG-Ensino ten por ámbito territorial o de Galiza. Os traballadores e traballadoras que transitoriamente desempeñen o seu traballo fóra de Galiza poderán estar vinculados á CIG-Ensino sen menoscabo da súa afiliación a sindicatos no seu lugar de residencia temporal.

Art. 4

A CIG-Ensino exprésase en idioma galego e defende este como o único oficial de Galiza.

Art. 5

A CIG-Ensino estabelece a súa sede social en Santiago, rúa Miguel Ferro Caaveiro 10, 1º. O Consello Federal poderá decidir a mudanza de domicilio social.

Art. 6.

A CIG-Ensino basea a súa actuación nos principios e obxectivos fixados no seu Programa, nos Acordos adoptados nos seus Congresos e nas Resolucións dos órganos de Goberno regulados nos presentes Estatutos.

Art. 7

A CIG-Ensino, ademais da defensa dos dereitos laborais e profesionais dos traballadores e traballadoras de todos os sectores, ten por obxectivo, entre outros, mellorar as condicións de traballo dos traballadores e traballadoras do ensino, a calidade en xeral do sistema educativo e contribuír especialmente na Formación do Profesorado

CAPÍTULO II

A AFILIACIÓN

Art. 8

Poderán afiliarse á CIG-Ensino todas as persoas dos ámbitos definidos no capitulo I destes Estatutos.

Art. 9

A afiliación é individual e voluntaria, co único requisito de aceptación dos presentes Estatutos e dos da Confederación, sen que poda ser limitada por razóns de idade, sexo, nacionalidade, ideoloxía, relixión ou filiación política.

Art. 10

Son dereitos da afiliación:

a) Elixir e ser elixidas ou elixidos para calquera cargo de CIG-Ensino ou da Confederación.
b) Participar no deseño da política sindical da CIG-Ensino a través dos debates nos organismos correspondentes, con total liberdade de opinión e respecto ás súas ideas.
c) Utilizar todos os servizos e prestacións de que dispoñan a CIG-Ensino e a Confederación, recibindo o asesoramento que precise de tipo sindical, técnico ou xurídico, nos termos que regulamentariamente se estabelezan.
d) Ter aceso aos locais sociais, á documentación e ás publicacións da CIG-Ensino e da Confederación, así como recibir información sobre a problemática do ensino en xeral e do seu sector en particular.
e) Recibir axuda e asesoramento en caso de represión pola súa pertenza á CIG-Ensino ou polo exercicio de súa actividade sindical.

Art. 11

Son deberes da afiliación:

a) Abonar a cota estabelecida pola Confederación.
b) Respectar os Estatutos, Regulamento e Programas de CIG-Ensino e da Confederación.
c) Respectar os acordos validamente adoptados polos organismos da CIG-Ensino e da Confederación.
d) Participar na medida das súas posibilidades, nas actividades de CIG-Ensino.

CAPÍTULO III

ÁMBITO DE ORGANIZACIÓN

Art. 12

Territorialmente a CIG-Ensino organízase en estruturas comarcais e locais seguindo criterios de afinidade xeográfica e de operatividade sindical.

Art. 13

A Unión Comarcal está formada polo conxunto da afiliación da CIG-Ensino nunha comarca. A estes

efectos considéranse comarcas as seguintes: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

Art. 14

A Unión Local está formada polo conxunto da afiliación da CIG-Ensino na localidade.

1. Na actualidade as Unións Locais constituídas son as seguintes: A Mariña, Baixo Miño, Morrazo, Salnés e Verín.
2. A CIG-Ensino poderase constituír en novas localidades sempre que estas o consideren conveniente, reúnan unha afiliación superior a 100, e así o aprobe o Consello Federal, previo acordo nos Órganos de Dirección da Comarca respectiva.
3. Así mesmo e por decisión do Consello Federal poderán constituírse as novas localidades que por criterio sindical se precise aínda que non reúnan as condicións anteditas.

Art. 15

1. No ámbito funcional, a estrutura organizativa básica da CIG-Ensino son as seccións sindicais. As seccións sindicais están integradas polo conxunto dos afiliados e afiliadas do Centro de ensino no ámbito do ensino público, ou da empresa no ámbito do ensino privado.
2. Son competencias da sección sindical as seguintes:
    a) Nomear a persoa responsábel ou delegada de centro
    b) Dar respostas aos problemas suscitados no Centro.
    c) Potenciar a xestión democrática dos centros.
    d) Trasladar ao Centro as propostas e iniciativas da CIG.
    e) Manter informados aos organismos comarcais ou locais correspondentes da problemática do Centro.
    f) Aprobar, cando o seu ámbito o permita, as candidaturas para as eleccións sindicais.

CAPITULO IV

ÓRGANOS DE GOBERNO

Art. 16

1. Son Órganos Nacionais de goberno da CIG-Ensino:
    a) O Congreso
    b) O Consello Federal
    c) O Secretariado Federal
    d) A Executiva Federal

2. Son Órganos Territoriais de goberno da CIG-Ensino:
    a) Asemblea comarcal
    b) A Executiva comarcal
    c) A Asemblea Local
    d) A Executiva Local

ÁMBITO NACIONAL

Art. 17

O Congreso é o órgano soberano da CIG-Ensino e os seus acordos, validamente adoptados, son de obrigado cumprimento para o conxunto da afiliación e estruturas da CIG-Ensino. Estará composto por un número total de delegados e delegadas a determinar polo Consello Federal na convocatoria, cos seguintes criterios:

1. Son membros natos os compoñentes do Consello Federal.
2. O resto da representación será elixida por comarca seguindo criterios de proporcionalidade en función da afiliación respectiva

Art. 18

1. O Congreso Ordinario da CIG-Ensino será convocado polo Consello Federal unha vez cada catro anos. A convocatoria farase con catro meses de antelación como mínimo.
2. O Consello Federal aprobará un Regulamento precongresual, elaborará unha proposta de regulamento para as sesións do Congreso e designará as Comisións encargadas da redacción de ponencias.

Art. 19

Son competencias do Congreso Ordinario:

a) Aprobar ou reformar os Estatutos e Programa da CIG-Ensino.
b) Definir as orientacións básicas e política sindical.
c) Elixir as doce persoas que conforman a Executiva Federal e, entre elas, a persoa proposta para a Secretaría Nacional.
d) Analizar a xestión dos órganos de goberno nacionais.
e) Aprobar a xestión económica e liquidación de contas.
f) Coñecer e decidir todas aquelas cuestións que os Estatutos expresamente lle atribúan e aqueloutras que se lle sometan respectando os Estatutos.

Art. 20

O Congreso Extraordinario será convocado a petición de 1/3 da afiliación ou de 2/3 dos membros do Consello Federal da CIG-Ensino. O prazo entre a solicitude e a celebración do Congreso Extraordinario non poderá exceder de catro meses. A convocatoria realizarase por escrito cunha antelación mínima de dous meses. O Congreso Extraordinario só poderá tratar e pronunciarse sobre os asuntos obxecto da convocatoria.

Art. 21

O período congresual e as sesións do Congreso axustaranse ao regulamento aprobado polo Consello Federal que deberá ser ratificado polo propio Congreso como primeiro punto da orde do día. Das sesións do Congreso levantarase Acta e os seus acordos serán públicos para o coñecemento de toda a afiliación.

Art. 22

O Consello Federal é o órgano máximo de dirección da CIG-Ensino entre Congresos. Está formado por:

1. Secretariado Federal
2. O resto, até completar os 50, serán elixidos polas Asembleas Comarcais das distintas comarcas nas que se

estrutura a CIG-Ensino nun reparto proporcional á afiliación de cada comarca.

Art. 23

O Consello Federal reunirase ordinariamente unha vez ao inicio de cada trimestre durante o curso escolar. Extraordinariamente cando o solicite 1⁄3 do seus membros ou por decisión da Executiva Federal. O Consello Federal será convocado con 15 días de antelación.

Art. 24

Son competencias do Consello Federal:

a) Aprobar o seu regulamento de funcionamento.

b) Convocar o Congreso e aprobar o regulamento precongresual, elaborar o Regulamento das sesións congresuais e cantas propostas, informes ou ponencias estime oportuno someter á aprobación do Congreso.

c) Definir as liñas xerais de acción sindical do conxunto da Federación.

d) Aprobar a Carta Financeira que estabelece as normas de administración e contabilidade para o conxunto da federación e aprobar o presuposto ordinario ou extraordinario facendo un seguimento da súa execución.

e) Analizar a xestión da Executiva e do Secretariado Federal.

f) En caso de resultar vacante, decidir, por maioría de 2⁄3 o xeito de substitución do Secretaría Nacional até a realización do seguinte congreso.

g) Analizar a adecuación da acción sindical ao programa aprobado no Congreso.

h) Decidir sobre a firma de convenios ou acordos da Federación con outras organizacións ou administracións.

i) Designar as persoas que representen á Federación nos órganos nacionais da Confederación.

j) Designar as persoas que representen á CIG-Ensino nos organismos institucionais de ámbito galego, estatal e internacional.

k) Aprobar a constitución de novas Unións Locais.

l) Calquera outra competencia expresamente atribuída ao Consello Federal nos presentes Estatutos.

m) Definir e ratificar a distribución de responsabilidades na Executiva Federal.

n) Ratificar os criterios e a distribución do persoal liberado.

Art. 25

O Secretariado Federal é un organismo de coordinación entre os distintos ámbitos de funcionamento da federación co fin de dotar a esta no seu conxunto dunha maior operatividade sindical. Reunirase ordinariamente unha vez cada dous meses, por convocatoria do Secretario ou Secretaria Nacional, ou cando o solicite 1⁄3 dos seus membros. Está composto por:

1. Executiva Federal
2. Secretarios ou Secretarias Comarcais e Locais
3. Un representante dos diferentes sectores nos que se pode clasificar a federación, cando as comisións respectivas os nomeen, segundo o estabelecido no art. 32.2

Art. 26

Son competencias do Secretariado Federal

a) Aprobar e organizar as actividades e iniciativas sindicais de carácter global.

b) Coñecer a marcha dos procesos de negociación e dos conflitos de maior transcendencia e coordinar a actividade sindical da Federación e das Unións Comarcais

c) Designar os representantes da CIG-Ensino na Comisión da Área Pública da CIG e ratificar o regulamento desta.

d) Xestionar os recursos humanos e materiais da Federación, aprobando os criterios e distribución das liberacións.

Art. 27

A Executiva Federal é o órgano colexiado de xestión ordinaria e goberno da CIG-Ensino entre xuntanzas do Consello Federal. Estará constituída por doce persoas elixidas en Congreso entre as que se encontra o Secretario ou Secretaria Nacional da Federación

Art. 28

A Executiva Federal reunirase ordinariamente unha vez ao mes, por convocatoria do Secretario ou Secretaria Nacional, ou cando o solicite 1⁄3 dos seus membros.

Art. 29

Os membros da executiva asumirán as funcións e responsabilidades que garantan o funcionamento da Federación e sexan definidas e ratificadas polo Consello Federal.

Art. 30

1. A Executiva Federal exercerá mancomunadamente a representación xurídica, económica e legal da CIG-Ensino, pudendo delegar conxuntamente na Secretaria ou Secretaria Nacional estas facultades aos únicos efectos de outorgamento de poderes.

2. Son ademais competencias da Executiva Federal:

a) Aprobar o seu regulamento de funcionamento.

b) Representar á Federación a todos os efectos entre xuntanzas do Consello Federal.

c) Relacións Internacionais

d) Coordinación das publicacións e a propaganda de ámbito nacional e as relacións cos medios de comunicación.

e) Coordinación dos servizos xurídicos

f) Impulsar a organización da Federación a todos os niveis.

g) Dirixir os procesos de negociación nos distintos ámbitos e os conflitos de maior transcendencia.

h) Presentar informe da súa xestión ao Congreso.

i) Decidir a creación de comisións para o estudo de temas específicos.

j) Decidir sobre cuestións urxentes entre reunións do Consello Federal.

k) Executar e facer o seguimento da acción sindical.

l) Xestionar as finanzas da Federación.

m) Calquera outra que lle sexa expresamente delegada polo Consello Federal.

Art. 31

1. O Secretario ou Secretaria Nacional exerce a máxima representación pública da CIG-Ensino e asina conxuntamente coa Secretaria ou Secretario de Finanzas da Federación as contas nacionais. Asume a

representación institucional nos ámbitos de actuación da Federación, e preside os órganos nacionais da Federación.

Art. 32

1. En cada un dos tres ámbitos sindicais nos que se pode clasificar a federación: ensino público non universitario, ensino universitario e ensino privado, poderanse crear comisións de sector, ben por iniciativa de 1⁄3 dos afiliados/as dese ámbito, 1⁄3 dos delegados/as ou por acordo do Consello Federal.
2. As comisións de sector estarán, no posíbel, integradas por un membro de cada comarca e localidade, pertencente a ese ámbito, até un máximo de doce persoas. A comisión nomeará un coordinador que formará parte do Secretariado Federal.
3. É función das comisións de sector, analizar a problemática sindical propia e propoñer alternativas aos órganos de dirección do sindicato.

ÁMBITO COMARCAL

Art. 33

A Asemblea Comarcal é o órgano máximo da CIG-Ensino en cada Unión Comarcal. Está constituída por toda a afiliación da Federación na Comarca.

Art. 34

Será convocada pola Executiva Comarcal cando o estime oportuno ou cando o solicite 1⁄3 da afiliación. Deberá ser convocada con unha semana de antelación como mínimo.

Art. 35

Son funcións da Asemblea Comarcal:

a) Elixir o Secretario ou Secretaria Comarcal, os restantes membros da Executiva Comarcal e os correspondentes membros do Consello Federal.
b) Analizar a xestión da Executiva Comarcal.
c) Elixir as persoas representantes de CIG-Ensino na Dirección Comarcal da Confederación
d) Debater e resolver aquelas cuestións que afecten ao conxunto da Federación no seu ámbito.
e) Elixir os delegados/as para o Congreso da CIG-Ensino.

Art. 36

A Executiva Comarcal é o órgano de dirección de comarca entre asembleas. Está composto por un mínimo de 7 membros e un máximo de 11, segundo acordo do Consello Federal. Entre os membros da Executiva estarán o Secretario ou Secretaria Comarcal e os Secretarios ou Secretarias Locais, se os houber.
Será membro do organismo, con voz e sen voto, o persoal liberado que non resultara elixido pola Asemblea.

Art. 37

A Executiva Comarcal reunirase normalmente cada trimestre e preceptivamente antes de cada Asemblea Comarcal. Será convocado polo Secretario ou Secretaria Comarcal ou a petición de 1⁄3 dos membros que o forman.

Art. 38

Son competencias da Executiva Comarcal:

a) Convocar asembleas comarcais.
b) Administrar e dirixir a Federación na comarca cumprindo as resolucións da Asemblea Comarcal e os acordos dos órganos nacionais.
c) Propoñer ao Consello Federal a constitución de Unións Locais.
d) Elaborar os orzamentos e partes de finanzas comarcais.
e) Presentar informe da súa xestión á Asemblea Comarcal.

ÁMBITO LOCAL

Art. 39

A Asemblea Local é o órgano máximo da CIG-Ensino en cada Unión Local. Está constituída por toda a afiliación da Federación na localidade.

Art. 40

Será convocada pola Executiva Local ou por convocatoria do Secretario ou Secretaria Local cando o estime oportuno ou extraordinariamente cando o solicite 1⁄3 da afiliación. Deberá ser convocada con unha semana de antelación como mínimo.

Art. 41

Son funcións da Asemblea local:

a) Elixir a Secretaria ou Secretario Local e os demais membros da Executiva Local
b) Analizar a xestión da Executiva Local.
c) Debater e resolver aquelas cuestións que afecten ó conxunto da Federación no seu ámbito.

Art. 42

1. A Executiva Local é o órgano de dirección da localidade entre asembleas. Está composto por un mínimo de 4 membros e un máximo de 7, segundo acordo do Consello Federal. Entre os membros da Executiva estará o Secretario ou Secretaria Local.
2. Será membro do organismo, con voz e sen voto, o persoal liberado que non resultara elixido pola asemblea.

Art. 43

A Executiva Local reunirase ordinariamente cada trimestre e preceptivamente antes de cada Asemblea Local. Será convocado polo Secretario ou Secretaria Local, ou a petición de 1⁄3 dos membros que o forman.

Art. 44

Son competencias da Executiva local:

a) Convocar a asemblea local.
b) Administrar e dirixir a Federación na localidade, cumprindo as resolucións da Asemblea Comarcal, local e os acordos dos órganos nacionais.
c) Impulsar o funcionamento da Federación no seu ámbito e coordinar as súas actividades.
d) Elaborar os orzamentos e partes de finanzas locais.

e) Presentar informe da súa xestión á Asemblea local.

CAPITULO V
NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

Art. 45

1. Todos os cargos da CIG-Ensino proveranse mediante votación secreta e persoal. En casos determinados poderá admitirse a votación a man alzada cando así o estime unha maioría de 2/3 dos membros asistentes do órgano elector, se ben ese acordo será ineficaz cando calquera dos membros reclame o exercicio do dereito á votación secreta.
2. Todos os cargos da CIG-Ensino serán revogábeis polo órgano que os elixiu segundo a súa propia periodicidade e funcionamento.
3. A Executiva Federal elixida no Congreso, aprobará un Regulamento que permita iniciar o proceso de renovación de cargos e organismos nun período non superior a tres meses. Transitoriamente os organismos estarán integrados polos membros actuais, sendo estes substituídos de forma progresiva a medida que se vaia completando o proceso de renovación.

Art. 46

1. Na CIG-Ensino a elección de órganos e cargos farase mediante a presentación de candidaturas en listas pechadas, que deberán conter ao menos o número de persoas de que se compón o organismo a elixir, incrementado nun terzo para casos de suplencia, e que deberán ser presentadas cun prazo mínimo de corenta e oito horas antes do inicio das sesións de elección. É responsabilidade do máximo órgano ou cargo executivo existente, no ámbito en que se produce a elección, presentación dunha candidatura.
2. Poderán presentarse outras candidaturas, co mesmo requisito de composición, cando vaian avaladas cando menos por un número de membros do órgano elector igual ao 150% do número de postos que cubrir. No caso das candidaturas á Executiva Federal a primeira persoa da lista será a candidata á Secretaría Nacional.
3. A composición dos órganos da CIG-Ensino, determinarase proclamando os membros da única lista presentada, ou ben, no caso de existir varias, adscribindo ao órgano os membros de cada lista, seguindo un sistema de distribución proporcional directo ao número de votos obtidos.

Art. 47

Os acordos de calquera órgano da CIG-Ensino, validamente constituído, adoptaranse por maioría simple dos asistentes, salvo disposición estatutaria que especifique outra maioría cualificada.

Art. 48

1. As xuntanzas de calquera órgano da CIG-Ensino consideraranse validamente constituídas cando asistan en primeira convocatoria a metade mais un dos seus membros, ou en segunda convocatoria un terzo dos mesmos, sempre que fose convocada na debida forma e cunha antelación mínima de 48 horas. Entre a primeira e segunda convocatoria mediará un prazo non menor de media hora.
2. As Asembleas consideraranse constituídas en segunda convocatoria coas persoas asistentes, sempre que fosen convocadas coa antelación fixada nos presentes Estatutos.

CAPÍTULO VI
DO RÉXIME ECONÓMICO

Art. 49

Os recursos económicos da CIG-Ensino están constituídos por :

a) As cotizacións da afiliación
b) As doazóns e legados en favor da Federación
c) As subvencións que lle sexan concedidas á Federación ou as asociacións que dela dependan.
d) Os derivados da aplicación do Regulamento Financeiro da Confederación
e) Calquera outro obtido por actividades lícitas de acordo cos presentes Estatutos.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira

O Consello Federal poderá aprobar a edición dun voceiro oficial así como as características do mesmo. Así mesmo poderá aprobar a edición de calquera tipo de publicación, en calquera tipo de soporte, separada ou conxuntamente coa Confederación.

Segunda

A aprobación e modificacións dos presentes Estatutos é competencia exclusiva do Congreso da CIG-Ensino e requirirá unha maioría absoluta en votación global.

Terceira

Os aspectos non contemplados nos presentes Estatutos regúlanse polo disposto nos Estatutos da Confederación.

Cuarta

A CIG-Ensino poderase desconfederar da CIG, disolverse, fusionarse ou integrarse noutra organización sindical por acordo adoptado en Congreso Extraordinario da Federación, convocado ao efecto, por maioría de dous terzos dos presentes

Quinta

En caso de disolución, os bens económicos, mobles e inmobles serán doados á CIG, e caso de non existir esta, ao que o Congreso acorde.

Relatorio de acción sindical

1. **O modelo educativo neoliberal**

   - O ensino ao servizo da ideoloxía neoliberal.
   - Os obxectivos da UE en Educación para o ano 2020.
   - Os acordos internacionais: mercantilización e privatización dos servizos públicos.

2. **O contexto político e o marco normativo actual**

   - A Constitución do 78, baluarte do actual modelo educativo.
   - A LOMCE como paradigma dun ensino españolizado, confesional, privatizador, sexista, clasista e regresivo.
   - A proposta dun pacto educativo para confirmar un sistema educativo centralista, mercantil e privatizador.
   - Ausencia dunha política educativa galega.

3. **Un modelo educativo galego**

   - Necesidade de soberanía política para unha educación ao servizo de Galiza
   - A normalización lingüística e a galeguización do ensino.
   - O ensino público, garantía de equidade, calidade e igualdade de oportunidades.
   - A laicidade, base para un ensino racional e científico.
   - A coeducación e a educación non sexista, principios dun ensino necesario.

4. **Bases para unha lei galega de educación**

5. **Eixes básicos da actuación sindical nesta conxuntura política**

   - Necesidade dun profesorado comprometido cun ensino galego, transformador e liberador.
   - Restitución dos dereitos laborais, profesionais e salariais do profesorado.
   - Mellores condicións laborais, profesionais e salariais.
   - Estatuto do profesorado galego.
   - Reforzo do modelo nacionalista e de clase da CIG-Ensino, en contraposición aos outros modelos sindicais.

6. **A acción sindical no ensino privado**
   - Ensino concertado
   - Ensino privado
   - Acción sindical

1. O MODELO EDUCATIVO NEOLIBERAL

O ensino ao servizo da ideoloxía neoliberal

A crise económica foi utilizada como pretexto para afondar no modelo neoliberal e liquidar conquistas sociais, laborais e educativas. O capitalismo, na actual fase neoliberal, acrecentou a centralización do poder e a concentración da riqueza, reforzou o seu poder e debilitou a clase traballadora, mediante unha precarización extrema, sobreexplotación, desemprego e políticas antisociais. Esta acumulación de riqueza e de control trae como consecuencia a privatización dos servizos públicos e sociais, o afondamento das desigualdades sociais e o acrecentamento da pobreza de amplos sectores da sociedade. O neoliberalismo sabe que os sistema educativos son o ámbito propicio para transmitir e fixar o seus principios, utilizando modelos educativos mercantís, competitivos, privatizadores, selectivos e centralistas, alleos aos fundamentos dunha formación e educación integral das persoas e para todos e todas.

Hoxe son diferentes os mecanismos utilizados para introducir no sistema educativo os principios que rexen o mercado e para converter a educación nunha mercadoría máis ao alcance dunha minoría, no canto de ser un dereito universal inalienábel. Non se conforman con facer do ensino un grande negocio, ampliando as subvencións e os concertos educativos, senón que necesitan introducir mecánicas máis sutís para asegurar sistemas educativos competitivos e elitistas, segregadores e excluíntes socialmente. Así, hoxe, son as grandes editoriais as que fixan, na práctica, os contidos do sistema educativo; diferentes multinacionais introdúcense no ámbito escolar por medio de diferentes mecánicas, medios de comunicación que promoven concursos e programas, informes educativos como PISA que condicionan a educación para uniformizala, avaliacións externas co obxecto de clasificar os centros escolares en ránkings, segundo o rendemento escolar do alumnado; introdución de modelos de xestión antidemocrática e empresariais e modelos de control da calidade importados do ámbito empresarial que nada teñen a ver co ensino. Os currículos escolares son impregnados da doutrina neoliberal, por exemplo, introducindo contidos financeiros en primaria, a materia Iniciación á actividade emprendedora e empresarial na ESO e os programas contrato da Consellaría cos centros, no canto de promover a educación compensatoria para superar as desigualdades socias na escola.

O denominador común desta política neoliberal son os recortes e o desmantelamento do ensino público para favorecer o privado concertado, alleo ao control social e ao servizo de modelos educativos retrógrados, segregacionistas e confesionais, cando a educación, amais de ser un dereito universal, debe ser exclusivamente pública para que sexa gratuíta e igualitaria.

No ámbito universitario, o modelo Boloña é a plasmación máis evidente da mercantilización do coñecemento, da continua privatización, iniciada xa nos anos 90, e da adaptación ao sistema capitalista, que procura universidades públicas que actúen como empresas produtoras de coñecemento útil para o mercado.

Os obxectivos da UE en Educación para o ano 2020

A Unión Europea é unha construción económica e monetaria ao servizo do capital transnacional. É un espazo de libre circulación de bens, servizos, persoas e capital e dunha libre e salvaxe liberalización que se estende aos servizos públicos, mediante diferentes directivas ou acordos internacionais.

Fomos conscientes, desde o primeiro día, das nefastas consecuencias que ía comportar formar parte da UE. Por iso, desde o principio, combatemos o tratado e as posteriores adaptacións e directivas. O tempo deunos a razón. Fomos testemuñas da transformación dos gobernos en verdadeiros monicreques do deseño económico e social marcado pola Troika, que impuxo gobernos, débedas públicas ilexítimas e políticas económicas que condenaron os sectores das clases populares á pobreza, á miseria e á sobreexplotación; da concentración da riqueza e da centralización do poder no centro do sistema, nomeadamente en Alemaña e Francia, ao servizo das grandes corporacións; e do aumento da pobreza da nacións periféricas e das clases sociais máis desfavorecidas.

Subordínanse as necesidades sociais aos intereses do capital, nomeadamente financeiro, que impón reformas laborais, precariedade extrema, reducións salariais, desemprego e privatizacións, mais tamén medidas e normas involucionistas e antidemocráticas. Desmantélanse as prestacións sociais, os servizos e as pensións públicas, e elimínanse dereitos laborais consolidados. A involución, o ataque e os recortes nos servizos públicos, como a educación e a sanidade, convertéronse nunha constante das disposicións da UE, transformándoos en "servizos de interese económico xeral" en lugar de servizos públicos universais.

Os obxectivos educativos da UE para o ano 2020 son unha continuación, con novas propostas, dos marcados para o ano 2010: máis mercantilización, inestabilidade e precariedade na educación pública, formación en función da empregabilidade, competitividade entre centros en clave de rendemento escolar, etc. A necesidade de fomentar o "espírito de empresa" e a idea de que "os sistemas educativos deben brindar a oportunidade de adquirir as cualificacións precisas para crear e dirixir un negocio e para que os centros educativos desenvolvan as capacidades e o espírito de empresa ao longo de todo o proceso educativo" é o que explica que os currículos da LOMCE contemplen desde primaria a formación empresarial e na ESO se oferte a materia Iniciación á actividade emprendedora e empresarial.

Decántanse pola aprendizaxe das linguas estranxeiras que nun contexto como o galego vai en detrimento da aprendizaxe e do uso da lingua propia como así o acredita o Decreto de Plurilingüismo.

A redución da taxa de abandono escolar ao 10% non está fundamentada para pór os medios e recursos necesarios para facilitar a permanencia do alumnado no sistema educativo e así facilitarlle a posibilidade de adquirir a titulación correspondente, senón todo o contrario. A propia LOMCE estabeleceu unha nova titulación na formación profesional con fins segregacionistas, a formación profesional básica, negando na práctica o dereito de moito alumnado a continuar os seus estudos e evitar así o abandono escolar.

A aposta polas ensinanzas técnico-científicas en detrimento das humanidades, a potenciación da formación profesional e das materias instrumentais, no canto dos estudos universitarios, responde a que é o capital o que planifica, deseña e orienta os sistemas educativos, baixo os seus intereses e necesidades mercantís.

A UE é cada vez máis destrutiva, desigual e inxusta. O neoliberalismo sabe que os sistemas educativos teñen poder liberador se están ao servizo da transformación social, das nacións asoballadas e das clases populares e, por iso, implantan educativos excluíntes, clasistas, mercantís e privatizadores, totalmente uniformizadors e negadores da diversidade nacional, cultural e lingüística.

Neste contexto deseñado polo liberalismo hai que situar o informe PISA: uniformizar e orientar os sistemas educativos en función dos seus obxectivos e intereses, que pasan por converter a educación nun gran

negocio e formar traballadores e traballadoras funcionais para un mercado laboral globalizado e precario, mentres que unha parte importante da humanidade segue sen ter dereito á educación, o que contribúe a asegurar a súa explotación e a súa exclusión social.

Os acordos internacionais: mercantilización e privatización dos servizos públicos

Os acordos internacionais (TISA, TTIP, CETA...) susténtanse nos intereses das grandes compañías transnacionais para aumentar o seu poder e control, acumular máis riqueza e determinar ou condicionar a lexislación de diferentes materias que hoxe son competencia dos estados, converténdose en adaís da liberalización e globalización dos servizos, incluídos os públicos e básicos como son a educación e a sanidade. O noso obxectivo é que estes acordos non cheguen a acadar natureza legal para evitar que a Educación partille dos mesmos e non deixe de ser un dereito fundamental, xa que, así, polo menos, impediríase a liberación total, a intensificación da mercantilización e da privatización e que as nacións sen estado vexan limitado o seu poder de decisión e a súa potestade de lexislar e planificar.

2. O CONTEXTO POLÍTICO E O MARCO NORMATIVO ACTUAL

A Constitución do 78, baluarte do actual modelo educativo

O sindicalismo nacionalista foi sumamente crítico co contido da Constitución do ano 1978, pactada coas forzas franquistas, nomeadamente co artigo 27, alertando naquel momento do modelo educativo que consagraba e das súas consecuencias. Os alicerces do actual sistema educativo, privatización, confesionalidade e españolización, son produto daquel acordo, cuxos artigos 27 e 3 se converteron en baluarte das diferentes leis orgánicas en vixencia dende aquela. A imposición de “liberdade de ensino” “liberdade de creación de centros docentes” e “dereito dos pais a que os seus fillos reciban formación relixiosa”, recollida na Constitución, tradúcese na consagración dos concertos educativos nos diferentes niveis e na confesionalidade do ensino mediante a presenza da materia de Relixión no currículo escolar. O propio artigo 3 só recoñece para o español plenos dereitos, outorgándolle o deber de coñecelo e de usalo, mais negándolle á lingua galega esa prerrogativa, como así o sentenciou o Tribunal Constitucional. A nosa lingua ten asignada unha función subalterna e subordinada, ao negarlle os dereitos de calquera lingua normalizada e oficial. Non é posíbel unha transformación do sistema educativo se non se muda a Constitución, porque o actual marco xurídico-político non garante nin a normalización lingüística plena nin a laicidade, nin a supresión dos concertos para conseguir que o ensino público sexa o único modelo educativo. Principiemos, por tanto, por mudar os piares que nos impiden ter un sistema educativo de noso, ao servizo dos nosos intereses, das nosas necesidades e da transformación social.

A LOMCE como paradigma dun ensino españolizado, confesional, privatizador e neoliberal

No VI Congreso da CIG-Ensino realizamos unhas análise e valoración do proxecto da LOMCE que continúa a ter plena actualidade e vixencia. A súa aplicación confirma que estamos ante unha lei letal para o ensino público, lesiva para o alumnado e nefasta para o ensino en galego. A obcecación e o interese ideolóxico do PP por aplicar a LOMCE supuxo un grave prexuízo para a calidade do ensino e para o propio funcionamento dos centros. O desatino foi tal que se publicaron os currículos con posterioridade á entrada en vixencia e ditáronse instrucións para a implantación das novas ensinanzas cando xa se estaban impartindo. A irresponsabilidade da Consellaría e o desprezo para co alumnado e profesorado foi constante,

nomeadamente en 2º de Bacharelato posto que non se tivo coñecemento até o 2º trimestre deste curso do deseño e características das PAU. O prexuízo aínda non foi emendado, pois a conformación e as características das probas e das materias é diferente á dos anos anteriores. Non houbo lei educativa que xuntase tanto rexeitamento e que alimentase tantas mobilizacións en Galiza. As múltiples accións, folgas e a loita permanente foi decisiva para que o Goberno central recuase e adiase a aplicación das reválidas. No entanto, a LOMCE segue en vixencia e isto reafirma a necesidade de continuar coas mobilizacións até a súa total derrogación, xa que a LOMCE é o paradigma da ideoloxía neoliberal: privatización, mercantilización e desgaleguización da educación.

É unha lei españolizadora e antigalega que non asume a configuración plurinacional, plurilingüística e pluricultural do Estado español, que nos impide ter un sistema educativo galego e que reduce aínda máis as competencias do Goberno galego. Na educación primaria, na ESO e no bacharelato, o Estado resérvase como mínimo fixar o 50% dos contidos, horarios e criterios de avaliación das materias troncais, podendo mesmamente fixar o 100%. Desprezan a nosa historia, cultura, pensamento, xeografía, arte, etc. a fin de ir inculcando no alumnado o descoñecemento e a ignorancia do propio e profundando na baixa autoestima. Os currículos son elaborados de costas á nosa realidade nacional para uniformizar e recentralizar máis aínda o sistema educativo a través das reválidas e das avaliacións xerais, porque os criterios de avaliación, as características e os contidos xerais das probas son fixados polo Goberno central.

Esta lei lexisla sen reparo, por primeira vez en termos moi precisos e lesivos, para promover a ignorancia e o descoñecemento do propio idioma, consagrando a filosofía do plurilingüismo, que en Galiza xa estaba vixente por mor do Decreto de plurilingüismo. É tal o desprezo á lingua galega que estabelece o dereito do alumnado a negarse a estudar no noso idioma e a que a Administración educativa garanta esta opción, sufragando incluso a escolarización en centros privados.

Amplía os concertos educativos e potencia a rede de centros concertados: concerta con carácter preferente os ciclos de formación profesional básica, introdúceos no bacharelato e estende a súa duración mínima a seis anos en educación primaria. Os centros privados concertados poderán obter, en función do proxecto, maior dotación de recursos que os públicos e solo público para a súa construción, ao mesmo tempo que se elimina a obriga de garantir prazas públicas suficientes. Garante os concertos con centros que segregan alumnado por razón de sexo. Promove a especialización curricular dos institutos de secundaria "sostidos con fondos públicos", a creación de centros de elite e de excelencia para un alumnado selecto. Subtráense competencias do Consello Escolar dos centros privados concertados que pasan ao director ou ao titular do centro. Ordena a educación baixo criterios de mercado, destrúe emprego e destina máis diñeiro ao ensino privado. Repudia a coeducación e asegura os concertos cos centros que segregan alumnado por razón de sexo.

Con fortes mobilizacións fomos capaces de paralizar a aplicación das reválidas ao remate da ESO e do bacharelato, un éxito importante, mais temporal, xa que de momento están adiadas, non derrogadas. Para o título de Graduado en ESO e en bacharelato contempla superar as respectivas reválidas e introduce probas finais en 3º e en 6º de Primaria. Crea diferentes itinerarios desde 3º da ESO, polo que o alumando terá que decidir o seu futuro académico e en boa parte profesional aos 13 anos, xa que estará obrigado a elixir itinerario para encamiñarse aos estudos en FP ou en bacharelato. Estabelece unha FP básica a partir dos 15 anos, co obxecto de segregar o alumnado e expulsalo do sistema educativo. A consecuencia será que os fillos e fillas das clases populares terán dificultado o acceso aos estudos universitarios.

Reforza a confesionalidade do sistema educativo. A Relixión non só segue formando parte do currículo escolar, senón que agora ten a mesma consideración académica que o resto da materias. O alumnado que non opta polo adoutrinamento relixioso vese obrigado a estudar unha materia alternativa no ensino básico. A Relixión forma parte das materias específicas na ESO e no bacharelato, co obxecto de atraer alumnado, pois é unha maneira de asegurarse unha cualificación alta e ao mesmo tempo librarse de cursar outra materia de maior dificultade, aínda que de máis utilidade. A selección do profesorado, os libros de texto e o material son competencia das autoridades relixiosas.

Elimina a elección democrática da dirección dos centros que será nomeada pola Administración educativa, que é a que ten representación maioritaria na comisión de elección. Reforza a figura do director que poderá estabelecer requisitos e méritos específicos para os postos ofertados, rexeitar a incorporación de persoal interino e propor o nomeamento do profesorado que traballe nos proxectos de calidade. Traslada á dirección as competencias do Consello Escolar, que deixa de ser un órgano de goberno e de participación real. A dirección pasa a ter atribucións para aprobar a programación xeral anual e decidir sobre a admisión de alumnado, aprobar a obtención de recursos complementarios e fixar as directrices de colaboración con outras institucións ou organismos. Amplía os requisitos para optar ao cargo de directora ou director, co obxectivo de facer, na práctica, un corpo específico.

Elimina, na práctica, a liberdade de cátedra, pon en dúbida o traballo do profesorado e desconfía da súa valía profesional, co obxecto de limitar a función docente á preparación do alumnado para superar probas e impor un funcionamento unipersoal e xerárquico dos centros .

En resume estamos ante unha lei que :

- Recentraliza e uniformiza o sistema educativo, rexeitando a conformación plurinacional, pluricultural e plurilingüística do Estado español, invadindo a cativas competencias que temos e garantíndolle ao alumnado o dereito de negarse a estudar no noso idioma.
- Impregna o sistema educativo dos principios que sustentan a ideoloxía neoliberal e así avanzar na privatización e na mercantilización da educación.
- Reforza a confesionalidade, fixando unha materia alternativa no ensino básico e pasando a ser unha das materias específicas na ESO e en bacharelato.
- Conforma un sistema máis selectivo, elitista e clasista, ao obrigar a superar as reválidas ao final da ESO e do bacharelato como único medio de obter os títulos correspondentes.
- Segrega o alumnado, mediante itinerarios e vías diferentes aos 15 anos, condenándoo a titulacións distintas no ensino obrigatorio e expulsan do mesmo os sectores máis desfavorecidos da sociedade.
- Subestima o profesorado, xerarquizando e recortando os seus dereitos laborais e profesionais e desconfiando do seu traballo como docente.
- Elimina a xestión democrática dos centros, mediante a concentración do poder de decisión nas direccións, que será elixidas pola Administración, con novas prerrogativas e co traslado doutras que tiñan os consellos escolares.
- Crea e estratifica os centros educativos en función da súa especialización curricular, dos proxectos de calidade e da obtención de resultados do alumnado, co obxectivo de crear centros de elite, destinándolles máis recurso e medios.

A proposta de pacto educativo para confirmar un sistema educativo centralista, mercantil e privatizador

A cada pouco retoma actualidade mediática a necesidade de acadar un pacto educativo como solución ás carencias e continuos cambios lexislativos no ámbito educativo. Aínda sendo unha proclama de todos os gobernos que pasan por Madrid, colle máis entidade cando se conforman gobernos sen maioría absoluta. O precedente máis próximo corresponde ao curso 2009/2010 cun goberno do PSOE, que naquel momento condicionaba o resultado á aceptación do mesmo polo PP. Non foi posíbel o acordo PSOE-PP por táctica política, non por diverxencias na proposta final, que foi asumida tanto polas patronais de ensino concertado como pola Conferencia Episcopal e polas diferentes entidades ligadas ideoloxicamente ao PP.

A loita permanente contra a LOMCE, o seu total rexeitamento social e o caos na súa aplicación fixo posíbel que o PP tivese que adiar a aplicación das reválidas, mais segue obsesionado con continuar coa LOMCE e nin sequera atende a decisión do Congreso dos Deputados de derrogala, senón todo o contrario, obstaculízaa presentando recurso perante o Tribunal Constitucional. É obvio que se a intencionalidade fose pór en debate o actual sistema educativo, o primeiro sería derrogar a LOMCE, contar coa participación de todos e todas, estar en disposición de mudar a Constitución e asumir, na práctica, a configuración plurinacional, pluricultural, plurilingüística do Estado español para podermos ter un sistema educativo de noso, con todas as competencias educativas que hoxe ten reservado o Estado. Detestamos calquera acordo que se formule para continuar coa opresión, coa negación da nosa historia e co impedimento dun ensino en galego.

No actual contexto de rexeitamento maioritario á LOMCE temos que situar a actual proposta de "pacto pola educación" que no seu arranque, concepción, procedemento e obxectivos procura facer máis presentábeis socialmente os principios que sustentan a LOMCE, mais sen renunciar a eles como arquitectura do sistema educativo español: privatización, confesionalidade, españolización, clasismo, segregación, mercantilización e desvalorización do traballo docente.

Temos que destapar esta farsa que o único que pretende é afirmar no fundamental o actual modelo educativo, que desconsidera o traballo docente, desterra a xestión democrática dos centros, reafirma os concertos educativos e a materia de Relixión nos centros educativos, segrega o alumnado e desbota, na práctica, o dereito á educación e ao dereito á igualdade de oportunidades.

Ausencia dunha política educativa galega

A etapa de Feixoo á fronte do Goberno galego supuxo unha total vasalaxe aos mandatos de Madrid, actuando moitas veces como un adiantado, convertendo Galiza nun campo de experimentación de iniciativas educativas para, posteriormente, seren expandidas por todo o Estado, mediante a LOMCE e outras normas. Padecemos un Goberno galego sen iniciativas, de costas a Galiza e obsesionado coa españolización e co centralismo. Actúa como unha nova delegación do Goberno do estado, defensor da idea de que o pobo galego non ten capacidade para valerse e para gobernarse por si mesmo, para así continuar inoculando prexuízos e ampliando a baixa autoestima como pobo. Todo isto co obxecto de borrar a identidade colectiva, de afianzar a nosa dependencia, de impedir a medra da conciencia nacional e de que Galiza siga co papel que a oligarquía española lle ten asignado. Paralízase ou impídese calquera avance no autogoberno e na consecución de máis competencias. En definitiva, renúnciase a ir conquistando soberanía para poder ter un sistema educativo ao servizo da transformación social e do benestar dos galegos e galegas.

O PP, desde o Goberno da Xunta, nunca reclamou ningunha competencia no ámbito educativo nin recorreu ningunha disposición legal, aínda que invadise flagrantemente as cativas competencias que temos. Asume todo o disposto polo Ministerio sen ningún tipo de conflito, non toma iniciativas nin exerce as competencias que temos e limítase unicamente a traducir as disposicións do MECD. Como paradigma está a aplicación da LOMCE, que levou a cabo con total entusiasmo e irresponsabilidade, sen nin sequera facer uso da reducida marxe que tiña para introducir contidos propios nos currículos e asumir propostas para que os currículos dos ciclos formativos de formación profesional recollesen aspectos específicos e importantes para exercer a profesión en Galiza. Estamos ante un Goberno galego que non acredita na capacidade de Galiza, que a considera un mero apéndice de España, submisa e dependente.

O modelo educativo do PP na Galiza identifícase pola total desgaleguización, persecución e fobia ao noso idioma. Nunca tan pouco ensino se impartiu en galego nin nunca estivo tan desamparado legalmente. A aplicación da LOMCE significou máis discriminación e marxinalización, pois no conxunto da ESO o ensino en lingua galega ten 13 horas menos nas ensinanzas aplicadas e 10 menos nas académicas que o español.

Outro distintivo desta Consellaría é o fortalecemento da privatización e da mercantilización da Educación. Cada ano acrecenta as unidades no ensino concertado mentres as reduce no público. As subvencións ao ensino privado medran todos os anos nunha porcentaxe maior que os orzamentos para o ensino público. Cada día é maior a desconsideración da Consellaría co profesorado e cos seus representantes, a súa falta de vontade negociadora é total, a imposición está á orde do día, as arroutadas autoritarias son constantes e está convertendo a Mesa Sectorial en algo irrelevante. O PP sabe que o sistema educativo foi e é crucial para inocular autoodio, para colonizarnos, asimilarnos e efectivizar a substitución lingüística. De aí a teima en perseguir todo o que nos fai galegos e galegas e o rexeitamento a conformar un modelo educativo galego.

É imprescindíbel ter soberanía para dispor de todos os resortes necesarios, económicos e políticos, e para dotármonos dun sistema educativo de noso, o que non impide, todo o contrario, a a necesidade de ir acadando maior poder de decisión e de disposición mediante unha lei galega de educación. É imprescindíbel un marco xurídico educativo propio e unha nova ordenación da Educación para acadar unha maior calidade educativa e facer factíbel a igualdade de oportunidades, mais tamén para contar cuns orzamentos suficientes para enfrontar as necesidades do ensino en Galiza.

Tamén o profesorado foi constantemente menosprezado. Reducíronlle os salarios e arrebatáronlle moitos dereitos laborais e profesionais, reduciuse a oferta de emprego público e suprimíronse 3000 docentes. Reduciuse a calidade do ensino público e o acceso á educación en pé de igualdade non é posíbel. Levamos catro anos de recortes permanentes no ensino público e de promulgación e mudanza de lexislación (comedores escolares, libros de texto, decreto de admisión do alumnado, horarios, retribucións, etc) que converteron o sistema educativo na Galiza en menos inclusivo, menos equitativo e menos galego. Foron suprimidas numerosas unidades no ensino público, moito alumnado de FP non pode cursar o ciclo que desexa e non hai oferta suficientemente ampla e adaptada á nosa realidade.

3. UN MODELO EDUCATIVO GALEGO

Necesidade de soberanía política para unha educación ao servizo de Galiza

A dependencia política supón estar á disposición de decisións e actuacións que emanan de instancias políticas alleas e procuran o sometemento e a dependencia de Galiza. Ter soberanía significa romper as cadeas da colonización e asimilación que durante séculos oprimen o pobo galego, sumíndoo no subdesenvolvemento e na negación da súa identidade colectiva. A liberación social na Galiza vai asociada á liberación nacional. A contradición de clase na Galiza reviste características específicas pola súa subordinación, de aí que a liberación nacional é condición imprescindíbel para acadar a emancipación de clase. Non é factíbel sermos persoas libres en nacións oprimidas. O ensino continúa a funcionar como factor determinante para borrar o noso pasado e a nosa historia e para inocular prexuízos e baixa autoestima e aniquilar a nosa conciencia nacional e identidade colectiva.

Cun estado propio, Galiza tería capacidade plena para garantir un ensino público galego, laico, democrático, coeducativo, inclusivo e gratuíto de 0 a 18 anos. Un ensino enraizado na nosa realidade nacional e social que remate definitivamente coa colonización e españolización actual e ao servizo da transformación social e desenvolvemento económico de Galiza. A plena capacidade política é imprescindíbel para ter un sistema educativo de noso, galeguizado, que se sustente na nosa historia e cultura, no coñecemento e valoración do propio e que garanta un ensino público de máxima equidade e calidade para todos e todas. Sen poder político soberano, Galiza non terá capacidade para deseñar, ordenar e planificar o ensino en Galiza en toda a súa extensión, segundo as necesidades da sociedade galega e os intereses da maioría social.

A soberanía é necesaria para que a educación se transforme en factor de liberación e para facer visíbel un ensino totalmente en galego en todas as materias, etapas e niveis educativos, mediante un modelo de inmersión lingüística e a plena normalización lingüística.

Con soberanía estariamos libres da Constitución de 1978 que, conxuntamente coa LOMCE, aseguran a españolización, privatización, mercantilización e confesionalidade educativa. Só con soberanía poderemos eliminar os concertos educativos, evitar un modelo educativo neoliberal e suprimir a materia de Relixión do currículo escolar. Cun goberno soberano fixariamos as materias e os currículos dos diferentes niveis educativos, o sistema de acceso á universidade e á función pública, os criterios para a concesión de bolsas de estudo, os obxectivos, principios e fins do sistema educativo e as competencias que hoxe ten o estado, tales como a competencia e a composición dos órganos colexiados, o sistema de eleccións dos cargos directivos, a concesión de bolsas de estudo, os días lectivos, a avaliación do sistema educativo, os criterios de admisión do alumnado e os criterios para concertar unidades.

Necesítase soberanía política para poder dedicar o 7% do PIB ao ensino público en Galiza, para ter os recursos económicos necesarios e dispor dos nosos recursos, materias primas e enerxía e para potenciar os nosos sectores produtivos e estratéxicos. Necesitamos un sistema financeiro público e galego, un modelo fiscal e unha seguridade social propia e rematar co espolio dos nosos recursos e a drenaxe dos nosos aforros. En definitiva, precisamos capacidade política total para construír outra sociedade e outro modelo económico, co obxecto de conseguir unha sociedade máis igualitaria, xusta e solidaria na que os sistema educativo sexa o garante da igualdade de oportunidades.

A normalización lingüística e a galeguización do ensino

Durante estes catro anos a Consellaría de Educación, nun clima de aparente tranquilidade, afondou nos recortes á normalización, no abandono dos equipos de normalización e no avance das súas políticas de exterminio e ataque á lingua galega, co Decreto 79/2010 de plurilingüismo en funcionamento e coa aplicación da LOMCE, como así se pode comprobar na diminución do seu uso na mocidade. A CIG-Ensino combateu e desenmascarou estas políticas lingüísticas, reclamando a derrogación de toda a lexislación que impide o uso da nosa lingua, comezando polo dito Decreto e pola LOMCE, así como pola modificación da Constitución que limita o noso desenvolvemento lingüístico.

A CIG-Ensino reclama a aprobación dun novo decreto baseado nun ensino integramente en galego e no establecemento de plans plurianuais de formación para o conxunto do profesorado, co obxectivo de acadar a plena normalización. Estes plans deberán contemplar, como mínimo:

- Formación específica en cada unha das materias do currículo. Os cursos, por áreas, realizaranse por centros e comarcas, parcialmente no horario lectivo. Estas actividades deberán ser un instrumento de capacitación do profesorado e de dinamización do uso do galego como lingua de docencia.
- Programas de formación que estendan o coñecemento da nosa cultura, sociedade, historia, sociolingüística, economía, etc., para todo o profesorado e que teñan como obxectivo a adquisición de de actitudes favorábeis para o ensino en galego. Cursos para profesorado con insuficiente competencia lingüística.
- Impartición en galego do curso de especialización didáctica. Os contidos deste curso procurarán a conexión coa nosa realidade das materias de todos os currículos.

Así mesmo é necesario que:

- Nos procesos selectivos e de acceso á función pública o profesorado estea obrigado a realizar unha das probas, como mínimo, en lingua galega, na que teña que demostrar competencia oral e escrita.
- Todas as áreas terán perfil lingüístico de impartición en lingua galega.
- Todos os centros deberán ser dotados de materiais complementarios, produción videográfica, audiovisual, informática, documental, científica e de carácter comercial, gravacións, etc e dotación de bibliotecas con libros e material didáctico en galego, aplicábel a diferentes áreas. Publicaranse libros de texto e materiais en galego para todas as materias e establecemento de axudas e convocatorias de licenzas por estudos para a elaboración de material didáctico en galego. Para as materias de obrigada impartición só se poderán empregar materiais didácticos e libros en galego, e así deberá estar explicitado.
- A Consellaría de Educación terá por única lingua a galega e toda a documentación que publique no seu portal web deberá estar en galego, así como as comunicacións orais e escritas que realice.
- Os centros deberán contar con material administrativo e documentación en galego e ter como lingua oficial, tanto para as comunicacións internas como externas, orais e escritas, a lingua galega. Isto implica que os cargos directivos do centro deberán empregar o noso idioma nas súas relacións coas institucións e coa comunidade educativa e así se recollería nos futuros regulamentos orgánicos dos diferentes tipos de centros.

- Maior presenza da lingua galega nos graos de orientación docente, impartíndose en galego, como mínimo, o 50 % por cento das materias.
- Constitución das comisións de coordinación territorial e elaboración e aplicación dun plan de normalización para o alumnado inmigrante, etc.
- Incremento da dotación orzamentaria das partidas destinadas á normalización lingüística. Maior dotación económica para os equipos de dinamización e normalización lingüística, con criterios obxectivos e equitativos e con maior dotación de recursos didácticos e pedagóxicos. Incremento dos orzamentos destinados ás axudas aos EDNL, convocatoria destas axudas no mes de setembro e resolución tres meses despois. Tamén incremento dos orzamentos para os premios aos proxectos de normalización.
- Creación de equipos a nivel comarcal coa finalidade de coordinar o seu traballo nos distintos centros, que deberán contar cun coordinador/a con dedicación horaria para este cometido.
- Redución horaria para as persoas coordinadoras de catro horas en centros de máis de doce unidades, de cinco en centros de máis de vinte e redución horaria de 1 hora para as persoas integrantes dos equipos. Apoio técnico para a realización das funcións propias do equipo. Reformulación das súas funcións, competencias e composición, atendendo á complexidade e número de alumnado matriculado no centro educativo correspondente.
- Inclusión do 24 de febreiro como Día de Rosalía no calendario escolar coa finalidade de procurar a difusión e o coñecemento da obra da nosa autora.
- Regularización da relación contractual do profesorado que imparte os CELGA coa Consellaría.

O ensino público, garantía de equidade, calidade e igualdade de oportunidades

O ensino público é o único que pode garantir a igualdade de oportunidades para o conxunto da sociedade e compensar as desigualdades mediante os recursos e medidas necesarias para conseguir a equidade.

Un ensino público libre das normas do mercado e descontaminado dos principios do neoliberalismo é un instrumento poderoso de transformación social e progreso individual e colectivo. Actúa de contrapeso á división social e é unha garantía para o dereito á educación das clases populares. Por iso hai que erradicar do ensino público o neoliberalismo, a competitividade, a mercantilización e a comercialización. O dereito universal á educación pública debe ser inalienábel e un dereito consubstancial a unha sociedade democrática. Sen unha educación gratuíta e universal para todos e todas e sen servizos públicos de calidade non é factíbel avanzar cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria.

A crise serviu de xustificación para desmantelar o ensino público, suprimindo unidades, reducindo profesorado e recortando calidade e medios, mentres o ensino privado continuou recibindo máis de 250 millóns de euros cada ano en subvencións, incluídos os centros que segregan alumnado por razón de xénero, e acrecentando unidades. O ensino privado concertado aséntase no clasismo e segregacionismo, en idearios de centro retrógrados, na ausencia de liberdade de cátedra, na falta de transparencia, na negación dos dereitos laborais e no uso de todo tipo de artimañas para seleccionar o alumnado. Temos que continuar combatendo o actual sistema educativo que ampara, potencia e subvenciona na súa totalidade o ensino concertado, pagado por todos e todas, que non está sometido a ningún control e que, agás honrosas excepcións, se asenta en idearios de centro reaccionarios e confesionais para beneficio propio e adoutrinamento ideolóxico.

Por iso a educación nunca se pode converter en negocio nin restrinxir o seu acceso. É por iso que só o ensino público pode asegurar a democratización, transparencia, laicidade e equidade e ser garantía dunha escola inclusiva, coeducativa, plural e xusta.

A laicidade, base para un ensino racional e científico

A CIG-Ensino defende como principio programático o ensino laico e a desaparición da relixión do currículo escolar. Consideramos que o feito relixioso é un tema cultural e histórico e debe ter o seu lugar no ámbito das Ciencias Sociais. A difusión da fe relixiosa non ten cabida nas institucións educativas. Por este motivo reclamamos que a Relixión non forme parte do currículo escolar e moito menos teña o valor de materia computábel no expediente académico, como propiciou a LOMCE.

A CIG-Ensino defende a derrogación de toda a lexislación que ampara o ensino confesional, comezando pola Constitución española que no artigo 27 recolle o dereito ao ensino confesional.

Ademais, hai que eliminar todos os condicionantes que impón a relixión católica, como o propio calendario escolar, que está estabelecido en función das festividades relixiosas, ou a celebración de distintas datas nos centros, como o Nadal.

A CIG-Ensino propón a derrogación do valor académico da Relixión e a súa eliminación do currículo escolar, así como a eliminación dos concertos aos centros segregadores e relixiosos.

A coeducación e a educación non sexista, principios dun ensino necesario

A CIG-Ensino defende un ensino coeducativo e non sexista. Para facer isto realidade, é urxente a formación do profesorado e a aplicación de programas específicos cos que acadar unha maior sensibilización e unha mudanza de actitudes na transmisión dos estereotipos e valores sociais e culturais. Cómpre ter materiais e facer da educación afectivo-sexual unha materia de obrigada impartición que axude a construír a nosa identidade en liberdade.

Por iso combatemos a segregación do alumnado por xénero, pois esta práctica que o sistema denomina eufemisticamente “educación diferenciada” é unha estratexia de perpetuación da sociedade patriarcal, en que homes e mulleres, nenos e nenas teñen que ser separados para ser educados de maneira diferente e con diferentes obxectivos, causando un dano irreparábel tamén na súa educación afectiva e impedíndolles aprender a convivir en igualdade. Outro motivo máis para combater a LOMCE, que é unha lei que se perpetrou xustamente para facer posíbel o financiamento con diñeiro público destes centros segregadores e maioritariamente vinculados a prácticas sectarias.

Cada ano, ademais das campañas confederais da Secretaría da Muller da CIG, elaboramos materiais didácticos e ofrecemos formación neste ámbito. Ao tempo seguimos reclamando da Consellaría que actúe como corresponde a toda empresa coas súas traballadoras e traballadores. Así, temos reclamado un plan de igualdade que hoxe aínda segue sen ser tratado. E precisámolo, pois como a CIG-Ensino ten demostrado con datos, tamén nos centros existe a invisibilidade, o teito de cristal, os prexuízos de xénero, as actitudes machistas… que se transmiten como currículo oculto ao alumnado.

Como parte desta sociedade, asistimos horrorizados aos feminicidios que, lonxe de diminuír, seguen segando a vida de moitas mulleres. Como docentes precisamos tamén educar para erradicar esta lacra social e para iso precisamos que sexa a Administración a primeira en formar e fornecer de estratexias e materiais. Mais non parece que a Consellaría de Educación teña esta preocupación, malia constatarse que o noso alumnado é vítima desta sociedade enferma e non consegue superala e deixar de reproducir estes comportamentos tóxicos.

Para avanzar nun ensino verdadeiramente coeducativo e non sexista, precisamos da elaboración dun plan de formación inicial e permanente do profesorado nas distintas áreas do coñecemento, que axude a recoñecer os diversos mecanismos, formas e procesos que contribúen a afianzar a discriminación das mulleres e ofreza alternativas concretas para mudar tal situación. Cómpre tamén a elaboración de programas específicos sobre co-educación e de campañas de sensibilización contra a violencia de xénero, etc.

Urxe elaborar material escolar que parta de presupostos non discriminatorios para as mulleres e a revisión e aprobación, por parte da Administración educativa, dos libros de texto e material didáctico para que cumpra as condicións necesarias desde unha perspectiva co-educadora. Hai que incluír no currículo escolar a educación sexual, en todas as etapas educativas, que recolla os principios non sexistas e de liberdade sexual e que sirva para educar as persoas na construción da súa identidade. Faise tamén esencial lexislar contra a segregación do alumnado por sexo, para erradicar un modelo educativo que está na base da desigualdade e da violencia.

4. BASES PARA UNHA LEI GALEGA DE EDUCACIÓN

No curso 2014 promovemos unha proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, de medidas para restituír os dereitos laborais, profesionais e retributivos do profesorado e mellorar a calidade do ensino en Galiza, que tiña entre outros obxectivos a elaboración dunha lei de educación de Galiza.

As propostas recollidas na dita ILP continúan a estar en total vixencia e a súa consecución debe ser un dos obxectivos prioritarios da nosa acción sindical nos próximos anos. Somos conscientes, tal e como analizamos anteriormente, que sen soberanía política plena o marco xurídico educativo galego estará sometido a intereses centralistas e españolizadores. Necesitamos un sistema educativo galego que atenda as necesidades e carencias educativas e estea en disposición de galeguizar o ensino. Un modelo educativo nacional que, partindo da nosa realidade social, cultural, histórica e lingüística, se fundamente na equidade e na inclusión, faga realidade a igualdade de oportunidades e o dereito universal e gratuíto á educación de todas e todos os galegos.

Propomos unha lei galega de educación que contemple:

- **O fomento dun sistema educativo galego,** fundamentado nas nosas necesidades e intereses e de acordo coa nosa realidade social, cultural, económica e lingüística que asegurará o dereito universal de todos os galegos e galegas a unha educación pública de calidade de 0 a 18 anos.

- **Un ensino público, galego, laico, coeducativo e democrático,** para o que é necesario a modificación da lexislación educativa actual, co obxecto de promover a eliminación dos concertos educativos en

todos os niveis educativos, comezando pola eliminación inmediata dos que segregan alumnado por razón de xénero. Modificación da lexislación básica, co fin de facilitar un ensino laico, no cal a difusión da fe relixiosa e a materia de relixión non forme parte do currículo escolar. Unha oferta de prazas públicas suficientes en todos os niveis educativos dos centros públicos, garantía de que todos os centros públicos conten coa dotación de recursos materiais e humanos e de profesorado suficiente en todas as especialidades, así como doutros perfís profesionais necesarios para asegurar a máxima calidade educativa posíbel.

- **Defensa do ensino público como garante da igualdade de oportunidades:**
  - Reduciranse as ratios actuais de alumnado por aula, fixarase como ratio máxima no primeiro ciclo de educación infantil 6 alumnos/as na idade de 0 a 1 anos, 10 alumnos/as na idade de 1 ano e de 12 na idade de 2 anos. En primaria e no segundo ciclo de educación infantil o máximo de alumnado por aula será de 15. Na educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e escolas oficiais de idiomas, a ratio máxima estabelecerase en 20. Todas estas ratios veranse reducidas naqueles grupos que escolaricen alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo e o alumnado repetidor terase en conta para a conformación dos grupos.
  - Oferta suficiente de prazas públicas de educación infantil de 0-3 anos para satisfacer a demanda existente.
  - Un plan orzamentario co obxecto de dedicar o 7% do PIB galego á educación galega.
  - Elaboración dun plan de actuación preferente destinado a combater o fracaso escolar e o abandono na escolarización temperá, garantindo unha adecuada atención á diversidade, apoio e reforzo educativo, atención personalizada e unha escolarización adecuada para o alumnado con necesidades educativas especiais. Reforzará a titoría e a orientación e apostará por un modelo educativo máis social e igualitario.
  - Unha nova planificación da formación profesional que suprima os concertos educativos co ensino privado. Diversificación e garantía dunha oferta suficiente na rede pública para satisfacer a demanda existente e atender as necesidades do tecido industrial e dos sectores estratéxicos da nosa economía, contribuíndo así a fomentar e a desenvolver as nosas potencialidades económicas.

- **O recoñecemento do traballo do profesorado,** mediante a elaboración, previa negociación coas organizacións sindicais, dun estatuto galego da función pública docente.
  - A restitución dos dereitos laborais e salariais dos docentes e a garantía de dotación suficiente na educación pública para facer real e efectivo o dereito universal e gratuíto a unha educación pública e de calidade.
  - A garantía de negociación, no ámbito da Mesa Sectorial Docente non Universitaria, de todas as cuestións relacionadas coa profesión e coas condicións de traballo do persoal docente. Con ese obxecto, promoverase un acordo-convenio para todo o profesorado galego.
  - restabelecemento da aplicación do acordo asinado no ano 2007 entre a Consellaría e as organizacións sindicais con presenza na Mesa Sectorial Docente non Universitaria, que estabelece os criterios para fixar os cadros de persoal dos centros que imparten ensinanzas de infantil e/ou primaria e o horario do profesorado destes niveis.
  - Negociación de cadros de persoal mínimos en todos os centros de secundaria que evite o actual

sistema de oposicións do corpo de profesorado.

- Persoal específico non docente para atender a custodia do alumnado no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e desde que remata a actividade escolar até a saída do transporte escolar, por non seren estas funcións propias do profesorado.
- A Xunta de Galiza instará o Goberno estatal a facilitar e gratificar a xubilación anticipada do profesorado que teña feitos os 60 anos de idade e 25 anos de servizo ou 35 anos de servizo, independentemente da idade, coa finalidade de facilitar a incorporación de novo persoal ao ensino, crear emprego e recoñecer o traballo docente.
- **A recuperación dos salarios do profesorado.** Derrogación da lexislación que reduciu o salario do profesorado. Restabelecemento dos salarios e das pagas extras completas do profesorado que lle foron reducidas desde o mes de xuño de 2010, coa súa correspondente actualización, segundo o IPC resultante desde o ano 2010 até hoxe.

  A garantía da cláusula de revisión salarial para asegurar, como mínimo, a suba anual dos salarios do profesorado igual ao IPC.

  O restabelecemento do acordo entre a Xunta e as organizacións sindicais para que se destine o o 1% da masa salarial do Capítulo I dos orzamentos da Xunta de Galiza ao Fondo de Acción Social.

  A restitución do dereito a percibir o 100% de todas as retribucións desde o primeiro día de incapacidade temporal (IT).
- A cobertura de todas as baixas laborais desde o primeiro día que se producen.
- A dotación de persoal administrativo, persoal educador social, persoal coidador e sanitario en todos os centros, así como doutros perfís profesionais, onde sexa necesario.
- O estabelecemento dunha xornada laboral de 35 horas para todo o profesorado, das cales 30 horas serán de dedicación ao centro e 18 períodos lectivos de 50 minutos, como máximo.
- A redución do horario lectivo para o profesorado maior de 55 anos, que se poderá acoller á redución do seu horario lectivo, sen diminución das súas retribucións.
- estabelecemento dunha xornada matinal reducida de catro horas, durante os meses de xuño e setembro, nos centros que imparten ensinanzas de infantil e/ou de primaria.
- Recoñecemento das enfermidades profesionais do profesorado e aplicación no ensino dos dereitos contemplados na Lei de prevención de riscos laborais como a avaliación dos riscos laborais inherentes á profesión docente.
- Redución do horario lectivo e posibilidade de realizar actividades non docentes para o profesorado que, por motivos de saúde, vexa minguada a súa capacidade para a docencia.
- A Consellaría de Educación facilitará e garantirá o **dereito á formación continua** a todo o profesorado. Con este fin, previa negociación coas organizacións sindicais, elaborará plans anuais de formación descentralizados que estabelezan o dereito de formarse dentro do horario lectivo e laboral, que sexa gratuíta e que abranga todas as áreas do currículo e procurará a renovación e innovación educativa e unha mellor formación didáctica e pedagóxica.

  A formación do profesorado será nucleada polos propios centros educativos, promoverá a normalización e galeguización do ensino e terá como obxecto capacitar plenamente o profesorado para impartir a súa materia en galego e conseguir actitudes favorábeis ao ensino no noso idioma.
- **Creación de emprego.** Convocatoria de ofertas amplas de emprego no ensino para dar resposta ás necesidades dos centros, facilitar a atención á diversidade e rematar coa precariedade e

temporalidade do profesorado.
A supresión da taxa de reposición de efectivos. A administración educativa ofertará, como mínimo, todas as vacantes existentes e creará as necesarias para unha atención educativa personalizada e de calidade.

- A administración educativa regulará as **eleccións sindicais por centro escolar**, de tal maneira que todos e cada un dos centros públicos con máis de 6 docentes elixirán os seus representantes sindicais.

- **A normalización lingüística e a galeguización do ensino:**
  - Derrogación do Decreto de plurilingüismo e elaboración dunha nova norma que contemple o ensino totalmente en galego cos programas de inmersión necesaria para conseguir a plena normalización lingüística.
  - Fixación duns currículos escolares inseridos na nosa realidade nacional, con contidos propios, nos que Galiza sexa materia de estudo en toda a súa dimensión histórica, cultural, social e económica, é dicir, que teña como principio o coñecemento e a valoración de todo o que nos conforma como pobo.
  - Estabelecemento dun plan de formación para o conxunto do profesorado, a fin de alcanzar a plena normalización lingüística, que constarán, como mínimo, de formación específica en cada materia do currículo e deberán ser instrumento de capacitación do profesorado para dar aulas en galego e de dinamización do uso da lingua galega como lingua de docencia.
  - Acreditación en lingua galega e obrigación de realizar, como mínimo, unha das probas en lingua galega nos procesos selectivos de acceso á función pública docente
  - Gratuidade dos libros de texto e do material didáctico que se empregue nas aulas para todo o alumnado de educación infantil, primaria e ESO.

- **Outras cuestións fundamentais que a lei galega de educación debe contemplar:**
  - Os centros serán dotados con libros e material didáctico en galego aplicábel ás diferentes áreas.
  - Publicación de libros de texto e de materiais en galego para todas as materias e módulos profesionais.
  - Xestión democrática dos centros, mediante a elección democrática e directa das direccións dos centros, promovendo o traballo en equipo e a decisión colexiada nos órganos de goberno.
  - Dereito a facer uso do servizo de comedor escolar, o cal estará atendido por persoal específico non docente, dependente da administración e coa cualificación correspondente.
  - Oferta ampla e variada en todos os centros públicos de actividades extraescolares gratuítas que serán impartidas por persoal específico e cualificado, dependente da propia administración. A administración garantirá o transporte público para a realización destas actividades.
  - Elaboración dunha lei do transporte escolar de Galiza para garantir este dereito en todos os niveis educativos, nomeadamente nas zonas rurais que non contan con transporte público regular. A organización e a regulación dos itinerarios ou itinerarios multicentros non poden condicionar o horario e a xornada dos centros.
  - A Consellaría de Educación dotará persoal para custodiar o alumnado nas agardas, desde a chegada do transporte escolar até o inicio das clases e desde o remate até a saída do transporte.
  - O Goberno galego instará o Goberno central a derrogar a lexislación respecto ao funcionamento

dos centros integrados para garantir a xestión e a elección democrática dos cargos directivos.
- Extensión da rede das escolas oficiais de idiomas mediante a creación de novas escolas e ampliación das existentes.
- Ampliación dos actuais conservatorios de música. Integración do conservatorios de música municipais na Consellaría de Educación.
- Arbitraranse os mecanismos necesarios para que os centros que imparten as ensinanzas artísticas superiores poidan adscribirse á universidade, co fin de que o alumnado obteña a titulación de grao e para a integración total destes estudos na universidade.
- Garantirase e facilitarase a escolarización no medio rural. Con esa finalidade, elaborarse un mapa escolar do ámbito rural que garanta a escolarización dos nenos e nenas na súa contorna, o mantemento das escolas unitarias e uns cadros de persoal específicos, así como transporte e comedor para o alumnado que o necesite, con equipamento suficiente e adecuado, para facilitar, como mínimo, garantir a mesma calidade e recursos que o resto dos centros.

5. EIXES BÁSICOS DA ACTUACIÓN SINDICAL NESTA CONXUNTURA POLÍTICA

Necesidade dun profesorado comprometido cun ensino galego, transformador e liberador

A nosa condición de país dependente e colonizado tivo e ten unha pegada demoledora no sistema educativo. A través do ensino canalizouse e perpetuouse a máis profunda españolización, ocultouse, terxiversouse e deturpouse a nosa cultura e historia e inoculáronse numerosos prexuízos sobre o noso ser colectivo.

A nosa identidade colectiva diluíuse para agrandar a españolización que se asenta na negación da diversidade cultural e lingüística. Neste contexto, do que dan boa conta os actuais programas educativos e libros de texto, é de xustiza recoñecer que grazas ao profesorado concienciado de que a docencia ten un compromiso activo coa cultura e coa lingua foi posíbel que a desgaleguización nestes momentos non sexa aínda maior. Este profesorado asume e fai seus os principios da pedagoxía liberadora nun contexto e nun tempo concreto, poñendo o seu saber á disposición de educar cidadáns e cidadás libres e desalienadas.

Carecemos dun goberno que acredite no país. A súa actitude ao servizo dunha españolización extrema fai moito más necesario un profesorado consciente da implicación que leva aparellado ser docente en Galiza. Docentes que asuman que a escola ten que desterrar os prexuízos e a desconsideración que ao longo dos séculos nos foron inculcando, estimar a nosa condición de galegos e galegas, valorar a pertenza a unha nación con historia, cultura e lingua de seu e aumentar a autoestima para acabar coa colonización mental. En definitiva, docentes comprometidos e leais ao ensino en galego, que procuren a súa galeguización, posibilitándolle ao alumnado o coñecemento do seu pasado histórico, da súa cultura e da súa realidade para partindo do propio ir ampliando o seu saber e coñecemento.

Restitución dos dereitos laborais, profesionais e salariais do profesorado

Desde o ao 2010 foron continuas e constantes as decisións e actuacións que levaron a deteriorar o ensino público e a eliminación das conquistas laborais que ao longo do tempo fomos acadando.
A crise económica utilizouse tanto para destruír dereitos consolidados como para facer inviábeis as reivindicacións polas que nos vimos mobilizando e loitando hai anos.

Desde xuño de 2010, os salarios do profesorado depreciáronse nunha media de 18.6%. A perda acumulada durante estes anos vai desde os 31.227€ até os 55.138€, dependendo do corpo ao que se pertenza e dos sexenios e trienios cumpridos. Continúan coas pagas extras reducidas, co horario lectivo ampliado de 18 a 20 horas en secundaria e de 21 a 25 en primaria, coa obriga de custodiar o alumnado que utiliza o transporte escolar, redución do salario por baixa laboral, eliminación dos acordos que tiñamos asinado, supresión das licenzas anuais e licenzas por estudo, o persoal substituto con con 5.5 meses traballados non cobra os meses de verán, etc. Durante estes anos eliminaron 3.000 postos de traballo, incrementouse a precariedade polo aumento da impartición de afíns, itinerancias, desprazamentos, supresións e contratos a tempo parcial. Acrecentouse a provisionalidade e temporalidade dos cadros de persoal. Hoxe máis do 20% do profesorado non ten destino definitivo nos centros onde imparte docencia.

Para restituír, como mínimo, todos os dereitos laborais, profesionais e salariais, imponse a derrogación da Orde do 23 de xuño de 2011 e do 4 de xuño de 2012, pola que se regula a xornada de traballo do persoal docente, a Lei 1/2012 de medidas temporais en determinadas materias do emprego público de Galiza, o R/Decreto 14/2012 de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, o R/Decreto 20/2012 e a Lei 9/2012 de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria.

A prioridade de recuperar os dereitos eliminados non pode obviar a necesidade de acadar diferentes reivindicacións moi sentidas polo profesorado e que son motivo permanente de mobilizacións e da nosa acción sindical. Todas elas xa foron analizadas e recollidas no VI Congreso e continúan en total vixencia.

Propomos como medidas inmediatas:

- **Mellores condicións laborais, profesionais e salariais.**
  O sistema educativo funciona grazas ao compromiso e entrega do profesorado, que exerce o seu traballo en aulas masificadas e moitas veces con alumnado que precisa apoio ou reforzo educativo e sen que se consideren a necesidades específicas de apoio educativo para configurar os grupos e as ratios. Ademais, négase á dotación de persoal específico non docente, cando é necesario en moitos centros, impídense os desdobres e non se facilita profesorado suficiente de PT e AL e de Orientación escolar.

  Cómpre, pois, un cambio radical na actitude e comportamento da Consellaría que pasa por recoñecer, nos seus xustos termos, a transcendencia, responsabilidade e repercusión do traballo do profesorado, piar básico para o normal funcionamento do sistema educativo. A participación, a cooperación e o traballo en equipo son imprescindíbeis para corresponsabilizarse do funcionamento do centro e, para iso, é imprescindíbel contar coa opinión do profesorado. A democratización da vida dos centros non se pode concibir sen que todos os cargos dos mesmos sexan elixidos democraticamente de forma directa polo claustro e polo consello escolar.

  É imprescindíbel liberar o profesorado das tarefas burocráticas e administrativas que nos últimos anos se acrecentaron de maneira desorbitada e investir ese tempo nas súas funcións e cometidos que non son outros que a educación do alumnado. Neste sentido a Consellaría debe responsabilizarse mediante as unidades administrativas correspondentes de xestionar todo o

relacionado coa xestión dos libros de texto, ao mesmo tempo que é imprescindíbel dotar todos os centros do persoal administrativo necesario.

- **Dereito á formación.** A Consellaría desentendeuse de facilitar e ampliar a formación didáctica e pedagóxica do profesorado e liquidou as licenzas de estudos e a matrícula gratuíta na universidade para ampliar e completar a súa formación. O profesorado tivo e ten que adaptarse a situacións e circunstancias diversas e á aplicación de novas leis sen que se fixe ningún plan de formación permanente, gratuíto e dentro do horario lectivo, para facilitar o traballo docente e mellorar a calidade do ensino. Sufrimos, moitas veces, unha inspección inoperante e autoritaria que, no canto de actuar como asesora e orientadora, exerce un control burocrático e innecesario e unha actuación represiva e obstaculizadora do traballo docente. O profesorado debe ter dereito a unha licenza de estudos, ao longo da súa vida profesional, e debe deseñarse un plan de formación para que poida adquirir habilidades sociais e de comunicación, resolución de conflitos, traballo cooperativo, mediación escolar e formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar.

- **Melloras laborais**

  Redución das ratios a 15 alumnos/as por aula en educación infantil e primaria e 20 en secundaria obrigatoria e postobrigatoria, contabilizando sempre o alumnado repetidor e reducindo estas ratios cando se escolarice alumnado con necesidades educativas especiais. Garantiranse os desdobres e/ou grupos reducidos por debaixo das ratios estabelecidas cando sexan necesarios.

  Dotación, en todos os centros, de persoal administrativo, persoal educador social e persoal coidador, así como outros perfís profesionais, onde sexa necesario.

  O profesorado non impartirá materias das cales non sexa especialista, sen que isto supoña diminución das súas retribucións.

  A custodia do alumnado, no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e desde que remata a actividade escolar até a saída do transporte escolar, será atendida por persoal específico non docente, por non seren estas funcións propias do profesorado.

  Impulso de programas de prevención da conflitividade nos centros e promover a posta en práctica de accións educativas que redunden na mellora do clima escolar dos centros educativos, favorecendo a súa difusión, o intercambio de experiencias e o aproveitamento de materiais e recursos. A promoción, en todos os niveis educativos, de medidas preventivas, tanto de integración integral de tipo educativo como curriculares e organizativas.

  Estabelecemento das medidas precisas (redución horaria, formación específica, etc.) para impulsar a titoría como primeiro nivel de actuación no campo da orientación e atender a súa formación para a resolución de posíbeis problemas de convivencia.

  Xestión democrática dos centros. Soberanía do claustro no ámbito pedagóxico-didáctico e laboral-profesional. Elección democrática das direccións dos centros, incluídas as dos centros integrados.

Elaboración dun cadro de enfermidades profesionais do persoal docente docentes e o recoñecemento das mesmas para todos os efectos legais.

- **Recuperación dos salarios.**
  Restitución dos salarios e das pagas extras completas do profesorado, coa súa correspondente actualización, segundo o IPC resultante desde o ano 2010 até hoxe.

  Garantía da cláusula de revisión salarial para asegurar, como mínimo, a suba anual dos salarios do profesorado igual ao IPC.

  Percepción do 100% de todas as retribucións desde o primeiro día de incapacidade temporal.
  Dereito a percibir as retribucións dos meses de vacacións escolares do verán para o profesorado con cinco meses e medio de servizo no curso escolar.

- **Creación de emprego**
  Xubilación anticipada, gratificando o profesorado que teña feitos 60 anos de idade e 25 anos de servizo ou que teña realizados 35 anos de servizo, coa finalidade de facilitar a incorporación de novo persoal ao ensino, crear emprego e recoñecer o traballo docente.

  Ofertas amplas de emprego no ensino para dar resposta ás necesidades dos centros e para rematar coa precariedade e temporalidade do profesorado.

  Supresión das taxas de reposición. A administración educativa ofertará, como mínimo, todas as vacantes producidas e creará as necesarias para unha atención educativa de calidade.

- **Horario e xornada lectiva**
  Estabelecemento dunha xornada laboral de 35 horas para todo o profesorado, das cales 30 horas serán de dedicación ao centro e 18 períodos de 50 minutos, como máximo, serán lectivos.

  Redución do horario lectivo do profesorado maior de 55 anos, sen redución das súas retribucións.

  Fixación dunha xornada matinal reducida de catro horas para os centros que imparten ensinanzas de infantil e/ou de primaria, durante os meses de xuño e setembro.

Estatuto do profesorado galego

O anuncio da elaboración dun estatuto da función pública docente vén sendo un tema recorrente dos gobernos do Estado, sen que até agora se concretasen nun texto definitivo. Mais hai que lembrar que todas as propostas e proxectos presentados teimaban nunha maior estratificación do profesorado, condicionaban as retribucións do profesorado a unha carreira docente xerarquizada e procuraban unha maior concentración do sistema educativo. Eran modelos do estatuto docente que non asumían ningunha das reivindicacións relacionadas coas retribucións, formación e recoñecemento do profesorado.

Necesitamos un estatuto do profesorado galego, non ligado nin condicionado por propostas centralizadoras. Un estatuto galego da función pública docente que dea resposta satisfactoria ás demandas do profesorado

galego, que avance nos dereitos laborais e sindicais e que remate coa inestabilidade laboral e a precariedade.

Un estatuto galego que garanta o dereito á negociación colectiva, fixe un sistema retributivo máis xusto e equitativo, mellore os salarios do profesorado e asegure unha suba salarial mediante a cláusula de revisión salarial. Un estatuto docente que facilite as eleccións por centro de traballo, catalogue as enfermidades profesionais, permita a xubilación anticipada, a redución do horario lectivo, o dereito á formación continua dentro do horario lectivo, mellore as partidas á acción social, garanta a estabilidade do profesorado interino e o seu acceso á función pública, así como o acceso do profesorado non universitario á docencia universitaria, e evite que o profesorado teña que realizar funcións que non lle son propias.

Reforzo do modelo nacionalista e de clase da CIG-Ensino en contraposición aos outros modelos sindicais.

A actual estrutura do Estado español, fundamentada nunha posición centralista e negadora dos dereitos colectivos das nacións que a conforman, lexisla para afondar na uniformización e españolización e impedir calquera avance que reforce o autogoberno e a autoorganización do pobo galego, elementos básicos para conseguir a toma de conciencia nacional e social e acadar un maior benestar. É obvio que sen plena soberanía que permita que Galiza deseñe o seu propio sistema educativo é inviábel desenvolver e aplicar o modelo educativo e sindical que promovemos desde a CIG-Ensino.

Cabe afirmar que da centralización actual participan todos os estamentos, organizacións políticas e sindicais de obediencia estatal, incluídas as que se sitúan ideoloxicamente na esquerda. Aumenta a centralización das decisións e as actuacións e mobilizacións subordínanse, cada vez máis, ás propostas de Madrid que son seguidas pola súas sucursais sen ningunha crítica.

Négase o dereito á autoorganización do pobo galego, someténdoo, neste caso no ámbito educativo, a decisións acordadas en Madrid e impostas na Galiza que, moitas veces, nin sequera respectan o reducido marco competencial de Galiza, librando así a propia Consellaría de toda responsabilidade. É dicir, continúan os vellos esquemas: planifícase, decídese e organízase desde Madrid e Galiza obedece.

Neste contexto tan adverso, fomos capaces de articular ámbitos de actuación con centro de decisión en Galiza que superan o sindical, pensados para actuar segundo os intereses galegos, para combater a LOMCE e os recortes no ámbito educativo.
O reforzamento das organizacións e espazos de actuación e decisión exclusivamente galegos é imprescindíbel para ir construíndo soberanía e acrecentar a conciencia de que só de nós depende a mellora do sistema educativo e das nosas condicións de traballo.

Coñecemos, porque as sufrimos, as limitacións do marco político-xurídico actual e a disposición permanente de submisión e entrega do goberno galego que acrecenta os obstáculos para plasmar o noso modelo sindical nacionalista e de clase. Mais isto non debe ser óbice para que procuremos fortalecer, na práctica, o marco galego de negociación, mobilizándonos a prol dun máximo contido negociador das mesas sectoriais e da consecución de convenios galegos. Cómpre combater e desenmascarar as imposición alleas, acordadas á marxe das organizacións galegas e ao servizo de dinámicas españolas, que o único que procuran é dispor ao seu antollo da nosa forza mobilizadora e de combate para os seus intereses centralistas.

6. A ACCIÓN SINDICAL NO ENSINO PRIVADO

O medre que tivemos nos últimos anos no ensino privado, tanto en afiliación como en número de delegados/as, obríganos a manter unha dinámica de traballo e atención a este sector, para defender os dereitos do persoal que traballa nestes centros coas mesmas garantías e compromiso que o facemos co resto. É necesario prestarlles o asesoramento, información, formación e apoio que neste caso é imprescindíbel por tratarse dun sector con maior precariedade e inestabilidade laboral. E sobre todo, exixir que non se empreguen os fondos públicos que reciben das diferentes administracións para despedir o persoal traballador, como está a acontecer, e para o que teremos que reclamar a implicación das administracións.

Poñendo a un lado a especificidade do ensino concertado, que parece asentarse nunha rede paralela á dos centros públicos e, agás honrosas excepcións, cun trato de favor por parte das administracións de distintas cores políticas, o resto dos convenios que abarcan todo o ensino privado constitúen un importante colectivo de traballadores e traballadoras que sofren as consecuencias negativas provocadas polas últimas reformas laborais, as limitacións dunha negociación colectiva de ámbito estatal, moi afastada das súas problemáticas, e a actitude cómplice das organizacións sindicais estatais, que veñen asinando acordos que supoñen retrocesos nas súas condicións laborais e salariais.

Ensino concertado

Certo é que temos dificultades para desenvolver o noso traballo sindical no ensino concertado, pois non sempre o seu persoal entende a nosa clara postura na defensa da rede pública e as críticas aos concertos. Aínda así, a defensa que a CIG-Ensino fai dos seus dereitos laborais e salariais (sen mesturalos cos intereses das patronais, na maior parte relixiosas) está sendo valorada, aínda que tímida e lentamente, por unha parte do persoal.
Por iso, a CIG-Ensino neste sector debe basear a súa acción sindical nas seguintes demandas:

- Negociación inmediata dun novo acordo que obrigue os centros concentrados a recoller o profesorado suprimido dos seus centros.
- Estabelecemento de mecanismos de control sobre o diñeiro público e a xestión dos centros.
- Resolución inmediata da situación actual con respecto á PEA (Paga Extraordinaria de Antigüidade), que o persoal segue sen cobrar, a pesar de estar no seu convenio.
- Recuperación do poder adquisitivo perdido durante os recortes feitos nestes últimos anos.
- Regulamentos orgánicos similares aos dos centros públicos.
- Democratización do funcionamento dos órganos pedagóxicos e de participación dos centros. Equiparación das condicións laborais (xornada, vacacións, formación) e salariais co persoal do ensino público.
- Establecer mecanismos de control sobre as condicións que reúnen os centros.
- Extensión do pago delegado ao persoal non docente, mentres exista esta modalidade de pago e como mecanismo de concreción do destino dos ingresos dos concertos ou subvencións.
- Convenios específico galego, como única maneira de defender o marco galego de negociación.
- Esixencia de cumprimento das Medidas contra a violencia de xénero, Lei de igualdade, etc.
- Respecto pola liberdade sindical, que as patronais infrinxe reiteradamente, sobre todo con

representantes ou candidaturas da CIG-Ensino.

- Formación sindical para representantes e afiliación e profesional para o persoal traballador. Promover a aplicación de todas as medidas de normalización e galeguización contempladas no noso programa.

Ensino privado

Unha das consecuencias das políticas neoliberais é a alarmante privatización dos servizos públicos que se están a desenvolver ultimamente. Vemos así como moitos servizos con marcado carácter social pasan a mans de empresas privadas ou, no mellor dos casos, a entidades sen ánimo de lucro e subvencionadas, pero que, ao final, acaban aplicando criterios puramente empresarias para a prestación deses servizos, más centrados na rendibilidade que na calidade dos mesmos. Os centros de atención ás persoas con discapacidade, as escolas infantís, os centros de protección e reforma de menores son algún exemplos de como uns servizos que deberían ser atendidos pola Administración Pública están no "mercado laboral" do sector privado, con todos os problemas de precariedade que iso significa para o persoal traballador. Tamén o resto de convenios que contempla este sector (academias, autoescolas,…) se caracterizan polas malas condicións de traballo, a inestabilidade laboral e a grande presión dunhas patronais que con moita frecuencia non respectan sequera as xa de por si malas condicións contempladas nos respectivos convenios.

Convenios condicionados polo seu ámbito estatal (agás algúns de empresa), que limita a nosa capacidade de influencia, atopándonos nun marco afastado, alleo á nosa realidade e quedando nunha posición minoritaria, mesmo en sectores nos que somos amplamente maioritarios no noso país. Se a isto engadimos as consecuencias que trouxeron as sucesivas reformas laborais e a facilidade para dobregarse das outras organizacións sindicais estatais, que ceden ás chantaxes das patronais e asinan acordos que supoñen grandes retrocesos para os traballadores e traballadoras en salarios, xornada, vacacións, etc., a nosa situación de illamento é aínda maior, defendendo en solitario os dereitos de quen representamos, tamén en Madrid.

Por iso debemos seguir facendo esforzos, como o vimos facendo ultimamente, para trasladar o ámbito de negociación ao noso país, polo menos naqueles sectores en que, polas súas características e porque somos maioritarios, poida ser máis factíbel. E temos que tratar tamén de manter os convenios que temos de empresa que melloran os estatais, así como propiciar a negociación doutros cando se dean as condicións para facelo. Nos sectores subvencionados que prestan un servizo social é onde podemos ter algunha posibilidade: centros de Educación Especial, centros de menores e, xa en menor medida, centros de Educación Infantil.

Acción sindical

A CIG-Ensino segue a ser tamén o sindicato de referencia para estes traballadores e traballadoras como única alternativa para enfrontarse aos conflitos e problemas que se dan nos centros de traballo e contra os abusos e incumprimentos das patronais. E aínda que demos un pequeno impulso, deberemos seguir medrando no número de persoas delegadas electas e facendo o correspondente traballo para mantelas activas nos seus centros, a pesar das dificultades que as patronais nos van poñer, para que sexan as outras organizacións, e non a CIG-Ensino, as que teñan a representación. Debemos tamén asesoralas e darlles a formación sindical básica para que poidan defender o persoal con criterios xustos e coherentes coas nosas teses e para que adopten un maior compromiso coas campañas que desenvolvemos, tanto desde a propia federación como da confederación.

Todos os convenios que encadrariamos dentro deste bloque, uns de xeito moi significativo (educación especial, educación infantil, ensino non regulado, autoescolas...) e outros de xeito anecdótico ou case nulo (colexios maiores, universidades privadas…) veñen facendo a maior achega de nova afiliación ao sindicato. A introdución nos centros, a través dos nosos delegados e delegadas, o incremento de información que lles chega, a mellora na atención e asesoramento ás consultas que nos fan nos locais ou nos propios centros e, sobre todo agora, o alto nivel de precariedade e conflitividade son algúns dos factores que inflúen nesta tendencia.

O persoal destes sectores acode maioritariamente á CIG-Ensino cando ten problemas e adoita saír satisfeito coa atención que se lles presta e arroupado con mobilizacións naqueles conflitos de maior relevancia.

Esta debe ser a dinámica que sigamos de cara ao futuro, corrixindo, en todo caso, eses pequenos desaxustes e diferenzas que existen ao respecto entre unhas comarcas e outras, nas que aínda se detectan certas carencias.

Por todo isto, a CIG-Ensino baseará a súa acción sindical no ensino privado nos seguintes aspectos:

- Convenio único galego para todo o ensino privado ou, cando menos, para aqueles sectores nos que o financiamento depende das administracións galegas.
- Mantemento do traballo realizado nos últimos anos no que respecta á acción sindical no sector.
- Esixir o estrito cumprimento da lexislación actual en materia laboral.
- Basear a acción sindical na información puntual e na participación activa e directa dos colectivos afectados diante de conflitos concretos ou da mesma negociación colectiva, de xeito que se impliquen na mesma a través das súas propostas, e promover as mobilizacións oportunas cando as situacións nolo demanden.
- Ofertar a formación necesaria á afiliación e representantes da CIG-Ensino para que participen activamente e defendan as nosas teses, tanto na federación, como na confederación, procurando un maior compromiso nas convocatorias e campañas que se leven a cabo.
- Ofertar para o persoal a formación profesional que poida facilitar un mellor desempeño das súas funcións no seu ámbito laboral

Resolucións aprobadas

Derrogación da LOMCE
Por unha lei galega de educación

A CIG leva cinco anos de combate permanente contra a LOMCE, convocando e participando en múltiples mobilizacións e folgas no ensino, conscientes de que estamos ante unha lei letal para a educación pública, lesiva para o alumnado e profesorado e nefasta para o ensino en galego.

A súa aplicación está supoñendo un grave prexuízo para a calidade do ensino e para o funcionamento dos centros. É unha lei centralizadora e antigalega, que impide estudar no noso idioma e ter un sistema educativo galego. Impregna todo o sistema educativo dos principios ideolóxicos do neoliberalismo para avanzar na privatización e mercantilización da educación. Conforma un sistema máis selectivo e clasista, que segrega o alumnado mediante itinerarios e expulsa do mesmo os sectores máis desfavorecidos da sociedade. Despreza o profesorado, xerarquízao, recórtalle dereitos e desconfía do seu traballo. Estratifica os centros e elimina a súa xestión democrática.

O VII Congreso da CIG-Ensino exixe a derrogación inmediata da LOMCE e a elaboración dunha lei galega de educación, inserida na nosa realidade nacional, que garanta o dereito universal a unha educación pública galega, gratuíta, laica e coeducativa para todas as galegas e galegos.

Derrogación do Decreto de plurilingüismo
Ensino en lingua galega

Todos os datos e indicadores revelan que a política lingüística da Xunta de Galiza está asentada na discriminación, exclusión e persecución do noso idioma e que é unha das causas principais da súa perda entre as máis novas e novos. Hoxe, o ensino en galego nin sequera acada o 15% do total. Na ESO, como consecuencia da aplicación da LOMCE, o alumnado de ensinanzas aplicadas recibe, no conxunto da ESO, 13 horas menos de docencia en galego que en español.

A CIG combateu e desenmascarou permanentemente a política lingüística encamiñada á substitución do noso idioma e a unha maior españolización, reclamou a derrogación de toda a lexislación e o cesamento das actuacións que impiden o uso normal da nosa lingua, conscientes de que o idioma é peza clave para o futuro soberano de Galiza.

O VII Congreso da CIG exixe a derrogación do Decreto de plurilingüismo e a aprobación dun novo decreto, fundamentado nun ensino integramente en galego, en todos os niveis educativos, para acadar a plena normalización lingüística no ensino.

Por un ensino laico

O VII Congreso da CIG-Ensino reclama un ensino laico e, por tanto, a desaparición da relixión do currículo escolar, a súa eliminación como materia e o seu valor académico. Así mesmo, defende a derrogación de toda a lexislación que ampara o ensino confesional, comezando pola Constitución española, e a eliminación dos concertos educativos en centros con idearios relixiosos.

Por unha lei galega de educación

No curso 2014-2015 promovemos e presentamos no Parlamento a Proposición de Lei por Iniciativa Popular de medidas para restituír os dereitos laborais, profesionais e retributivos do profesorado e mellorar a calidade do ensino en Galiza, asinada por 23.000 docentes.

As propostas recollidas na devandita ILP continúan a ter total vixencia e deben constituír os alicerces dunha futura lei galega de educación.

O VII Congreso da CIG-Ensino reclama a elaboración dunha lei galega educativa que contemple a defensa do ensino público como garantía de igualdade de oportunidades, a normalización lingüística e a galeguización do ensino; isto é un sistema educativo público, galego laico, coeducativo e democrático.

Restitución de todos os dereitos laborais e salariais

A crise económica foi un pretexto fácil para destruír as conquistas que fomos acadando ao longo de moitos anos e para impedir avanzar nas reivindicacións polas que vimos loitando. Reduciron as nosas retribucións e pagas extras, ampliaron o horario lectivo do profesorado en todos os niveis educativos, impuxeron a obriga de vixiar o transporte escolar, reduciron o salario por baixa laboral, eliminaron 3.000 postos de traballo, incrementaron a precariedade coa impartición de afíns sen ningún criterio, acrecentaron a provisionalidade, minguaron as ofertas de emprego, suprimiron o dereito do profesorado substituto a cobrar os meses de verán e liquidaron os acordos asinados.

O VII Congreso da CIG-Ensino exixe a inmediata restitución de todos os dereitos arrebatados nestes anos e a apertura da negociación dun estatuto galego do profesorado que contemple o recoñecemento do traballo docente e a mellora das condicións laborais e da calidade do ensino.

Supresión dos concertos aos centros que segregan alumnado por razón de xénero

A Consellaría de Educación, mentres practica unha política de desmantelamento sistemático e inxustificado do ensino público coa supresión de centros, unidades e profesorado, subvenciona o 100% dos centros do Opus Dei que segregan alumnado por razón de xénero.

Estes concertos foron declarados ilegais polo Tribunal Supremo a instancia dun recurso presentado pola CIG-Ensino. É inadmisíbel que se subvencionen centros que se asentan nuns principios educativos reaccionarios que promoven a discriminación da muller e a desigualdade entre homes e mulleres.

O VII Congreso da CIG-Ensino reafírmase no dereito a un ensino público de calidade para todos e todas e exixe a retirada inmediata dos concertos e de todo tipo de subvencións ao ensino que segrega alumnado por razón de xénero.

Pola adscrición e integración das Ensinanzas Artísticas Superiores na Universidade

No ano 2012 creouse a Plataforma Galega pola Integración das Ensinanzas Artísticas Superiores na Universidade para encarar a situación derivada das sentenzas do Tribunal Supremo que lle impiden a estas ensinanzas ter a denominación de Grao.

Desde esta plataforma galega, da que a CIG-Ensino forma parte, vimos salientando a incongruencia de que estas ensinanzas, que conducen a unha titulación equivalente para todos os efectos a un título universitario de Grao, se impartan en centros que se rexen pola mesma normativa que os institutos de educación secundaria, xa que isto prexudica o seu alumnado que, en ningún caso, ten uns dereitos equiparábeis ao alumnado universitario, nin uns títulos que poidan competir cos ofertados polas universidades privadas ou públicas que teñan esas mesmas ensinanzas.

O Estado español é un dos poucos que mantén esta anomalía, pois en case todo o mundo estas ensinanzas ou son parte da oferta universitaria ou se imparten en centros adscritos á universidade.

O VII Congreso da CIG Ensino reclama da Administración educativa a posta en marcha dos procesos necesarios para que os centros que o demanden se incorporen ao sistema universitario galego a través da súa adscrición e así evitar o estado de indefensión do alumnado e de precariedade destas ensinanzas.

Contra a represión sindical nos centros de atención a persoas con discapacidade

Neste catro anos, a conflitividade e a represión sindical contra a CIG-Ensino e as persoas próximas, afiliadas ou que a representan incrementouse exponencialmente. O Centro San Xerome Emiliani da Guarda con varios contratos rescindidos, co despedimento pactado dun delegado e sete persoas despedidas, das que unha é delegada, e máis recentemente o Souto de Leixa de Ortigueira e o San Vicente de Paúl de Lugo en que foron despedidas tres persoas, unha delas delegada da CIG-Ensino, son a mostra desta actitude antisindical das patronais.

Detrás desta persecución á CIG-Ensino está, por un banda, a idea miserábel de considerar que a atención ás persoas con discapacidade non é un servizo, senón caridade e, por tanto, o persoal traballador debe renunciar aos seus dereitos e, por outra, o intento de privatizar a xestión destes centros.

Para a CIG-Ensino é urxente que a Administración asuma as súas responsabilidades e que, directamente ou a través das inspeccións de traballo, proceda a sancionar as xerencias e directivas que manteñen actitudes persecutorias e represivas.

O VII Congreso da CIG-Ensino exixe que estes centros sexan públicos e directamente xestionados pola Administración como medida necesaria para rematar coa persecución e precariedade laboral, requisito imprescindíbel para ofrecer un servizo de calidade que xa está sendo pagado cos impostos de todos e todas.

ÉGALEGA

CIG
ENSINO
ÉGALEGA

VII Congreso da CIG—Ensino
Santiago de Compostela
17.06.2017
Profesorado valorado nunha

CARGOS ELECTOS NO VII CONGRESO

SECRETARIO NACIONAL

Suso Bermello García

EXECUTIVA FEDERAL

Suso Bermello García
Marta Ferreiro Fernández
Xesús Fernández Rivas
Ana Rodiño Domínguez
Xesús Diz Romay
Mª Xosé Rodríguez Martínez
Diego Boquete Sánchez
Xosé M. Nogueira Rodríguez
Laura Arrojo Reguera
Xosé Anxo Terán Comesaña
Henrique García Vázquez
Teresa Carballido Salgado

CONSELLO CONFEDERAL

Suso Bermello García
Marta Ferreiro Fernández
Xosé Saiáns Torrado
María Xosé Rodríguez Martínez
Diego Boquete Sánchez
Divina Núñez López

CIG

Confederación Intersindical Galega

ENSINO